

Número 4 - Ano 2025

ACTA

da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

27 de marzo de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e doce minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, Concelleiro Delegado de Movmentos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, Concelleira Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 24 de marzo 2025 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/40 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 30 DE DECEMBRO DE 2024 E 30 DE XANEIRO DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

BENESTAR SOCIAL

2/41 APROBACIÓN INICIAL POLO PLENO DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO.

INTERVENCIÓN

3/42 RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2025. REPARO NÚMEROS 96/2024 E 99/2024

4/43 PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2025.

ACTAS E GOBERNO

5/44 CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2025.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

6/45 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DECRETO DO PLAN DE ACCIÓN DA ALCALDÍA 2024: MEDIDAS RESPECTO DOS INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES, DEFICIENCIAS E ERROS POSTOS DE MANIFESTO POLA INTERVENCIÓN XERAL ATENDENDO AS RECOMENDACIÓNS EXPOSTAS NO SEU INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2023.

7/46 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA CORPORACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2025.

8/47 DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2026-2028 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, APROBADO POLO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 2377/2025, DO 12 DE MARZO.

TESOURERÍA

9/48 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE FEBREIRO 2025.

ACTAS E GOBERNO

10/49 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, LOGO DA INCORPORACIÓN DA CONCELLEIRA DONA IRIA BUIDE PENA (2025/G004/000143).

11/50 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, LOGO DA INCORPORACIÓN DO CONCELLEIRO DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO (2025/G004/000155)

12/51 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2376/2025, DO 11 DE MARZO, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE MANTEMENTO PROVISIONAL DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL REFLECTIDA NO DECRETO 4036/2024, DO 30 DE ABRIL (2025/G004/000149).

13/52 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2464/2025, DO 13 DE MARZO DE 2025, RELATIVO Á ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ÁS COMISIÓNS DE PLENO, CON MOTIVO DA INCORPORACIÓN DE DONA IRIA BUIDE PENA COMO CONCELLEIRA DO DITO GRUPO (2025/G004/000151).

14/53 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000152).

C) ROGOS E PREGUNTAS

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

Aberto o acto, o presidente, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, sinala: Concelleiros e concelleiras, resto dos presentes, todos os que nos escoitan, benvidos. Moi bo día a todos e todas. Imos dar comezo a este Pleno ordinario correspondente ao mes de marzo.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

Eu previamente quería trasladar un agradecemento ao xesto do Grupo Municipal Popular de non presentar iniciativas neste Pleno, co cal, ben, contribuíron a que abordásemos os necesarios cambios que tivemos que facer con total normalidade. Polo tanto, o noso recoñecemento e o noso agradecemento. Ademais eu espero que nesta liña de entendemento e diálogo continuemos no futuro. A fin de contas, escolléronnos os nosos veciños e veciñas para resolver problemas e para acadar solucións e, por tanto, imos traballar todos, esa é a miña vontade, porque sexa compatible a defensa firme, incluso vehemente, das propostas de cadaquén co necesario respecto institucional e incluídas as formas neste Pleno. Iso é o que lles propoño e, pola nosa parte, desde logo, temos pensado mantelo.

Seguinte, e da súa orde, éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/40 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 30 DE DECEMBRO DE 2024 E 30 DE XANEIRO DE 2025.- Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 19 de marzo de 2025, do teor literal seguinte:

“O Excmo. Concello Pleno os días 30 de decembro de 2024 e 30 de xaneiro de 2025 celebrou as sesións ordinarias correspondentes aos citados meses. De ámbalas dúas sesións levantáronse as actas correspondentes que, unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas os días 30 de decembro de 2024 e 30 de xaneiro de 2025, respectivamente.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas os días 30 de decembro de 2024 e 30 de xaneiro de 2025, respectivamente.

A) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

BENESTAR SOCIAL

2/41 APROBACIÓN INICIAL POLO PLENO DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL, do 19 de febreiro de 2025, asinado pola xefa de servizo e pola concelleira delegada de Benestar e Maiores, conformado pola secretaria xeral do Pleno, que seguidamente se transcribe:

“Visto.-

Primeiro.- O informe do Servizo de Benestar Social de data 03/09/2024, polo cal se propón a iniciación do expediente para a Aprobación da Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal (E.S.M) do Concello de Lugo, que se transcribe a continuación:

Informe proposta da iniciación do expediente para a Aprobación da Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal (E.S.M) do Concello de Lugo.

Ao obxecto de regular e establecer o réxime xurídico aplicable as axudas económicas enmarcadas no Programa de Emerxencia Social Municipal e que se conceden ás persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes, e a instancia da *Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, dona Olga López Racamonde*, se propón a iniciación dun expediente para a aprobación da Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal, en adiante axudas de E.S.M.

O Programa de Emerxencia Social Municipal foi concibido como un conxunto de axudas económicas de carácter puntual, finalista e extraordinario que foron reguladas no decreto núm.12004176 de 21 de maio de 2012 e posteriormente no decreto núm 16006566 de 5 de setembro de 2016, polo que se procedeu a modificar parcialmente o antedito programa, no referente a tipoloxía das axudas, así como as persoas beneficiarias.

Na actualidade, o Programa exige unha revisión para adaptalo a realidade social presente e faise necesaria a aprobación dunha Ordenanza, que conteña a regulación das axudas económicas de emerxencia que se conceden ás persoas

sque se atopan en situación de especial vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes para afrontar situacións sobrevidas. Do mesmo xeito, e co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas-LPACAP- con carácter previo á elaboración da Ordenanza, substanciárase unha consulta pública, a través do portal web da administración competente, para solicitar a opinión dos cidadáns e das organización máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Por todo iso, propónse iniciar expediente para a aprobación da Ordenanza Reguladora das axudas de E.S.M do Concello de Lugo, dando traslado do acordo do inicio do expediente, ás persoas interesadas, profesionais, asociacións e entidades que traballan no eido da inclusión social das persoas máis desfavorecidas, así como os Colexios profesionais, ao obxecto de que manifesten o seu parecer a proposta da aprobación dunha Ordenanza Reguladora das axudas de E.S.M, a fin de que, posteriormente, se someta a proposta referida á consideración dos órganos do pleno Corporativo, previo ditame da Comisión Informativa.

Segundo.- A exposición ao público a través do taboleiro de anuncios do Concello de Lugo por un período de 20 días hábiles, dende o día 05/09/2024 ao 03/10/2024, do anuncio da iniciación do expediente para a aprobación da Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal (E.S.M), co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas-LPACAP- con carácter previo á elaboración do Regulamento substanciárase unha consulta pública, a través do portal web da administración competente, para solicitar a opinión dos cidadáns e das organización máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Terceiro.- A ausencia de alegacións a proposta de iniciación do expediente para a aprobación da Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal (E.S.M), no período indicado, segundo informe de rexistro de data 23-10-2024.

Cuarto.- O informe favorable ao proxecto de ordenanza de asesoría xurídica de data 09-12-2024.

Quinto.- O informe do servizo de intervención, de control financeiro permanente, de data 23-01-2025, e que indica que “ *O expediente reúne as condicións mínimas para obter un informe de control financeiro favorable, tendo en conta que as*

achegas que recolle a ordenanza non se suxeitan á Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, sen prexuízo da obrigatoria fiscalización previa no seu caso dos expedientes de concesión destas,ou ben no caso de seguirse o procedemento de ACF de acordo co artigo 17.d)do RD 424/2017, a obrigatoria comprobación das contas xustificativas destes anticipos”.

Sexto.- O informe de secretaría , de data 20-01-2025,que conclúe que se seguiu o procedemento legalmente establecido para a aprobación da ordenanza. De conformidade co disposto nos artigos 127.1a) e 123.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo a aprobación do proxecto de ordenanza e, posteriormente,ao Pleno da Corporación municipal a aprobación inicial da ordenanza, polo quórum de maioría simple, previo ditame da comisión informativa correspondente.

Sétimo.- A aprobación, por unanimidade de todos os seus membros presentes, do proxecto de Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social municipal (AESM) do Concello de Lugo, por acordo da Xunta de Goberno Local do 12-2-2025.

Oitavo.- Resulta competente o Pleno para a adopción do acordo de aprobación inicial da Ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social municipal (AESM) do Concello de Lugo, de conformidade co artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local,polo quórum de maioría simple, previo ditame da comisión informativa correspondente.

Con base no exposto, PROPONSE, a adopción do seguinte acordo por parte do Pleno:

Primeiro.- Acordar a aprobación inicial da Ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social municipal (AESM) do Concello de Lugo, nos mesmos termos acordados pola XGL do 12-2-2025 , de aprobación do proxecto de Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social municipal, quedando a redacción como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 39, establece a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Por outra banda, os artigos 41, 139.1 e 149.1.1 recollen a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de todas as persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan ou impiden a participación plena de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución española establece que “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e sociofamiliares”; atribuíndolle a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20, ás comunidades autónomas

O artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia dispón que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e,

facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia,

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia ten por obxecto definido no seu artigo 1 o de “estructurar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar”, garantindo “como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades...”

No artigo 2.1 define os servizos sociais como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega...”.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais fixados no artigo 3, atópase o de “facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social”.

Os servizos sociais comunitarios regulados nos artigos 9,10 e 11 da Lei 13/2008 “de carácter predominantemente local, circunscríbense a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais”. Desenvólvense nos centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares, e entre as súas funcións atópase a atención ás situacións individuais, que implican a información, diagnóstico e valoración coa conseguinte intervención no caso e aplicación do recurso idóneo.

O capítulo II da Lei 13/2008 comprende o catálogo de servizos sociais, así no seu artigo 18 manifesta que este catálogo estará integrado por un conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións entre os que se atopan no punto c) as “prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarías valoradas dos individuos ou familias e a estimular a súa incorporación social e laboral”.

Do mesmo xeito, o artigo 21.2.b) de prestacións económicas manifesta que teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais “As axudas de emerxencia e necesidade social”.

Tamén, cómpre facer referencia ao artigo 60.a) da Lei 13/2008 que lles atribúe aos concellos as competencias na “creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos”, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación sociolaboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado das e dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no seu artigo 9. que os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as súas funcións por medio dos programas e servizos seguintes:

(...)

d) Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. (...)

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, atribúelles aos concellos desta comunidade autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

O art. 25.1 e 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) establece que o municipio, “para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”, exercendo, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior aos 20.000 habitantes, como é o caso do Concello de Lugo.

As competencias atribuídas ao Concello de Lugo para intervir neste ámbito derivan, polo tanto, da lexislación estatal, autonómica e de réxime local, con especial mención á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

O Programa municipal de emerxencia social configúrase como un programa básico dos servizos sociais comunitarios que xorde no Concello de Lugo no ano 1989 coa finalidade de tratar de solucionar ou paliar as situacións de emerxencia social de persoas e/ou unidades familiares veciñais do municipio, afectadas por circunstancias valoradas pola traballadora social como de “emerxencia social”, toda vez que estas situacións supoñen a existencia de carencias graves en aspectos básicos da vida cotiá que requiren ser afrontadas, polo menos inicialmente, dende a achega económica directa á persoa solicitante da axuda.

O programa foi concibido como un conxunto de axudas económicas de carácter puntual, finalista e extraordinario que foron reguladas no Decreto núm. 12004176, do 21 de maio de 2012, e posteriormente, o 5 de setembro de 2016, ditouse o Decreto núm. 16006566 polo que se procede a modificar parcialmente o antedito programa, no referente á tipoloxía das axudas, así como ás persoas beneficiarias.

Na actualidade, o programa exige unha revisión para adaptalo á realidade social presente, e faise necesaria a aprobación dunha ordenanza, que conteña a regulación das axudas económicas que se lles conceden ás persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade das axudas de emerxencia social municipal

1. O obxecto é establecer o réxime xurídico aplicable ás axudas económicas enmarcadas no Programa de emerxencia social municipal e configuralas como axudas económicas finalistas, de carácter extraordinario, urgente e non periódico, concedidas a persoas ou unidades familiares ou de convivencia ás que sobreveñan situacións de urgente necesidade e non contén con recursos económicos propios suficientes para poder afrontalas.
2. As axudas do programa de emerxencia social municipal, en adiante ESM, estarán destinadas a sufragar os gastos específicos que se recollen nesta ordenanza, coa finalidade de solucionar, paliar ou complementar situacións carenciais graves, imprevistas e/ou excepcionais, que requiren pola súa natureza unha atención prioritaria na obtención de recursos económicos por parte das persoas e/ou unidades familiares/convivenciais.
3. Estas axudas de ESM **terán carácter finalista e excepcional**, tendentes a evitar que a situación se faga crónica, e o seu carácter será **subsidiario** en relación con outras axudas públicas que para os mesmos fins lle poida corresponder á persoa beneficiaria, e en ningún caso poderán ir destinadas a aboar débedas contraídas coa Administración.
4. As axudas forman parte dun proceso de intervención social que require do diagnóstico e valoración da necesidade, e en ningún caso constituirán un complemento ordinario de ingresos.
5. A finalidade das axudas de ESM será apoiar economicamente, de xeito excepcional e puntual, a aquelas persoas e/ou unidades perceptoras afectadas por un estado de necesidade sobrevido co fin de paliar, evitar e/ou previr situacións de marxinación ou exclusión social, favorecendo a inclusión, e dando unha resposta rápida ás situacións de emerxencia social en tanto non se xestionen outros recursos e/ou prestacións de carácter periódico e estable.

Artigo 2. Réxime de concesión das axudas de ESM

1. As axudas económicas de emerxencia municipal teñen carácter de dereito subxectivo, procedendo a súa concesión coa finalidade de posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas solicitantes, así como atender gastos extraordinarios e urgentes en situacións de grave emerxencia que poidan conducir a un proceso de exclusión social.
2. Polo seu carácter de prestación social de carácter asistencial, as axudas de emerxencia social municipal non teñen natureza de subvencións, segundo o artigo 29 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica o artigo 2.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Conceptos básicos no réxime de concesión das axudas de ESM

1. Unidade familiar ou de convivencia:

Fórmana a persoa ou persoas que habitan nun mesmo inmoible, e se atopan vinculadas por unha relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga, así como as persoas menores de idade en situación de acollemento familiar e os/as fillos/as que vivan temporalmente fóra do domicilio familiar cursando estudos e continúen empadroados/as no domicilio familiar.

2. Escaseza de ingresos:

Que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da renda de integración social de Galicia, en adiante, RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar de cada exercicio económico (anexo 1: táboa económica, exercicio 2024).

3. Ingresos da unidade familiar ou de convivencia:

Teñen a consideración de ingresos da unidade perceptora os procedentes de salarios, rendementos de traballo por conta propia, pensións, prestacións, rendas básicas, así como cantos outros perciban todos os membros da unidade familiar ou de convivencia por calquera concepto.

CAPÍTULO II. Das persoa beneficiarias

Artigo 4. Persoas beneficiarias das AESM e requisitos de acceso

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas e unidades familiares ou de convivencia que residan no municipio de Lugo.

Nunha unidade familiar ou de convivencia, só un dos seus membros poderá ter a condición de persoa beneficiaria aínda que se outorguen a favor de toda a unidade.

Serán requisitos necesarios para a concesión destas axudas os seguintes:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroad/a e residir no municipio de Lugo cunha antigüidade mínima de 6 meses. Exceptúase do requisito de antigüidade no padrón municipal, as persoas que, tras o informe social motivado da traballadora social de referencia que acredite a dita excepcionalidade, se atopen en situación de emerxencia social que faga necesaria esta axuda e cumpran co resto dos requisitos.
- Acreditar documentalmente a emerxencia dos feitos alegados, a necesidade urxente de recursos e a carencia de medios económicos propios para facer fronte ao gasto.
- Non dispoñer a unidade familiar de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia: que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar) de cada exercicio económico (anexo 1: límites ingresos AESM, exercicio 2024).
- Non dispoñer a unidade de convivencia de cantidades líquidas superiores a dúas mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).

- Consideraranse renda familiar os ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, depósitos bancarios, contas correntes e de aforro ou por calquera outro concepto.
- Que ningunha das persoas que integran a unidade perceptora dispoña de bens inmoables distintos á vivenda habitual e que indiquen a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que solicita a axuda, salvo causas xustificadas e debidamente acreditadas no informe social correspondente.
- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa e compromiso da persoa solicitante das condicións establecidas no proxecto de intervención social, plan de traballo e seguimentos establecidos para o efecto dende os servizos sociais comunitarios (anexo 2: proxecto de intervención ESM).
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, IMV, bolsas escolares, etc.).
- Ter xustificadas en tempo e forma as axudas concedidas con anterioridade ao abeiro deste programa e que correspondan ao ano anterior da nova solicitude e non estar incurso nas causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas reguladas no art. 14 desta ordenanza.
- Non percibir outras axudas polo mesmo concepto doutras administracións públicas. No caso de persoas e/ou unidades receptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

CAPÍTULO III. Tipoloxía e características das axudas

Artigo 5. Axudas de emerxencia social municipal (ESM) para vivenda:

- Gastos do alugueiro da vivenda.
- Gastos de subministracións básicos da vivenda: electricidade, gas, gasóleo de calefacción, bombonas de butano etc. Quedan excluídos os gastos da subministración da auga.
- Gastos derivados do mantemento da habitabilidade da vivenda.
- Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións e pisos compartidos que contén con contrato de alugueiro por habitacións.
- Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade- somier e colchón-) e enxoval básico.

As axudas económicas incluídas neste parágrafo concederanse cando o non pagamento do gasto supoña a posible perda do uso da vivenda ou das súas condicións de habitabilidade.

As axudas para o pago de alugueiro da vivenda son incompatibles coas axudas do Programa municipal de alugueiro de vivenda (EVISLUSA).

Non se concederán axudas de emerxencia social para sufragar os gastos de alugueiro de vivendas de protección oficial de titularidade pública, e ás persoas beneficiarias dos programas de axudas para o alugueiro doutras administracións públicas.

Poderanse conceder estas axudas a persoas perceptoras do complemento de alugueiro da RISGA e do complemento de alugueiro da PNC, procedendo a descontar o importe dos ditos complementos da contía da axuda por percibir. No caso do complemento da PNC, procederase ao rateo mensual do complemento. Nestes supostos, a concesión da axuda vai dirixida a evitar a posible perda do uso da vivenda, o cal deberá quedar reflectido no expediente.

Artigo 6. Axudas de ESM para cobertura de necesidades básicas

1. Gastos de **alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos**: inclúe a adquisición de alimentos e produtos específicos de alimentación infantil de venda en establecementos de alimentación. Os produtos básicos incluídos e excluídos detállanse no anexo 3: Produtos básicos da “cesta da compra” de ESM.

2. Gastos de **vestiario** básico (roupa e calzado).

3. Gastos **farmacéuticos**: inclúe a adquisición de medicamentos prescritos polo servizo público de saúde (na parte non financiada), leites maternizados, outros produtos farmacéuticos e, se é o caso, de parafarmacia con receita médica do servizo público de saúde.

4. Gastos **sanitarios**: inclúe axudas para a adquisición e reparación de lentes graduadas ou lentes de contacto, de ser o caso, audífonos, gastos odontolóxicos, material de ortopedia etc., así como outros gastos de tratamentos con prescrición do servizo público de saúde. Para a adquisición destes produtos, será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes de produtos iguais ou semellantes, do que se escollerá o de menor contía.

No caso de persoas e/ou unidades perceptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

Artigo 7. Axudas de ESM educativas

1. Gastos **escolares e de formación**: inclúe a adquisición de material escolar naqueles casos nos que non sexa posible o acceso a bolsas e/ou axudas para adquisición de material escolar, asistencia a actividades extraescolares e/ou campamentos de verán, cando a asistencia a eles forme parte dun proxecto de intervención familiar.

2. Gastos derivados de **actividades socioculturais e deportivas**: excepcionalmente, poderán incluírse gastos de actividades socioculturais e deportivas que se consideren necesarias para acadar a integración social, e que formen parte do proxecto de intervención social dos servizos sociais municipais de atención a menores en risco de desprotección e cando non poidan incluírse nas convocatorias de actividades socioculturais e deportivas públicas correspondentes.

3. Gastos de **comedores escolares**, sempre que formen parte do proxecto de intervención social familiar dos servizos sociais municipais.

En todos os casos, nas axudas de emerxencia educativas deberá quedar acreditado que non se poden acoller ás axudas que convoquen os organismos competentes en materia de educación polo mesmo concepto.

Artigo 8. Axudas de ESM para transporte e outras

1. Gastos de **desprazamento**: excepcionalmente, poderán cubrirse gastos de traslados e viaxes, debidamente xustificados no informe social, e sempre que constitúa unha acción necesaria (asistencia a trámites xudiciais, fins de inserción laboral etc.), e se enmarquen nun proxecto de intervención social dos servizos sociais comunitarios municipais.

2. Gastos derivados de causas de **forza maior, catástrofes accidentes** etc.: as axudas económicas deste punto diríxense a facer fronte a situacións imprevistas que xeren un gasto extraordinario que a persoa afectada non pode afrontar.

Artigo 9. Conceptos non susceptibles de AESM

En ningún caso se considerarán susceptibles da axuda de emerxencia social municipal nos termos previstos nesta ordenanza:

- O pagamento de impostos, débedas e obrigacións coa administración.
- Os créditos persoais e débedas hipotecarias.
- Os gastos de subministracións non básicos (teléfono, internet, etc.).
- A subministración de auga.
- As multas e sancións.
- O pago de fianzas e gastos da comunidade de propietarios.

Artigo 10. Contía máxima das axudas e periodicidade da percepción:

Establécense como norma xeral as seguintes contías dentro do ano natural:

1. Gastos de vivenda:

- **Gastos de alugueiro da vivenda:** establécense unha contía máxima de 500 euros ao mes para o pago de **alugueiro** por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos por ano natural. (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).
- **Gastos de subministracións básicas da vivenda** (electricidade, gas, gasóleo, de calefacción, bombonas etc.): estipúlase unha contía máxima de 100 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $100 \times 4 = 400$ euros).
- **Gastos derivados do mantemento da habitabilidade** da vivenda. Pequenas obras de mantemento, limpeza xerais, desentullos etc. Determínase unha contía máxima de 1.000 euros ao ano.

- **Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións.** Establécese unha contía máxima de 500 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).
- **Gastos derivados do alugueiro dunha habitación en piso compartido.** Acórdase unha contía máxima de 300 €/mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $300 \times 4 = 1.200$ €/ano).
- **Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda** (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade) e **enxoval básico.** Determinase unha contía máxima de 500 € por solicitude de axuda da unidade familiar, coa contía máxima de 1.000 € por unidade familiar e ano. Para estes efectos, aceptaranse como bens non inventariables as subministracións ou adquisición de elementos cuxa valoración individual non individual non supere os 500 €, podendo imputarse tales gastos ás aplicacións correspondentes ao capítulo II “gastos en bens correntes e servizos”, se ben subordinado ao exame da natureza do ben en cuestión en cada caso concreto. Para a adquisición destes produtos será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes, do que se escollerá o de menor contía.

Para acreditar os gastos de alugueiro nos pisos, será preciso achegar os contratos de arrendamento da vivenda e/ou de arrendamento da habitación e non poderá existir relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga entre o arrendador e a persoa/núcleo de convivencia que alugan a vivenda ou habitación.

2. Gastos de necesidades básicas:

- **Gastos de alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos:** establécese unha contía máxima de 250 euros ao mes por unidade familiar, e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $250 \times 4 = 1.000$ euros).
- **Leite maternizado:** acórdase unha contía máxima de 75 euros por lactante e mes, e por un período máximo de 6 meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo $75 \times 6 = 450$ euros/ano).
- **Gastos farmacéuticos e parafarmacia:** estipúlase unha contía máxima de 50 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de seis meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $50 \times 6 = 300$ euros).
- **Gastos sanitarios:** establécese unha contía máxima de 250 euros por persoa e ano.
- **Gastos de vestiario básico:** determínase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.

3. Gastos educativos:

- **Gastos escolares e de formación:** con carácter subsidiario e de xeito excepcional, establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.

- **Gastos derivados de actividades socioculturais e deportivas:** acórdase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos de comedores escolares:** determínase unha contía máxima de 150 € por neno/a e mes (máximo 1.800 euros por neno/a e curso escolar).
- **4. Gastos de transporte e outros:**
- **Gastos de desprazamento,** establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano natural.
- **Gastos derivados de causas de forza maior, catástrofes, etc.** As contías das axudas estarán en función do número de afectados, dispoñibilidade económica do programa, urxencia na prestación da axuda, etc.; en todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano natural.
- **Outros gastos** non recollidos nos puntos anteriores que nun determinado momento o/a traballador/a social, mediante o informe que o xustifique, valora como necesarios para evitar situacións de risco e/ou exclusión social. En todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano.

En todo caso, a contía máxima anual para conceder por unidade de convivencia pola totalidade dos conceptos de axudas incluídos nesta ordenanza non poderá superar os 3.000 €.

CAPÍTULO IV. Tramitación das axudas de emerxencia social municipal

Artigo 11. Documentación que deberán achegar as persoas solicitantes destas axudas

A solicitude no modelo normalizado (anexo 4: modelo solicitude ESM) irá acompañada pola documentación seguinte, referida á persoa solicitante e, se é o caso, o resto dos membros da unidade familiar ou de convivencia:

- DNI, NIE pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade perceptora.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, certificado do INSS de percibir ou non prestacións sociais, declaración xurada de ingresos, etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta na axencia tributaria de todos os membros da unidade familiar/de convivencia.
- Sentenza de separación matrimonial, nulidade ou divorcio da persoa titular ou dos compoñentes da unidade perceptora, ou convenio regulador no que conste a cantidade fixada como pensión compensatoria ou de alimentos. No

caso de impago das prestacións recoñecidas nos títulos sinalados, presentarase a xustificación da demanda de execución da sentenza, ou calquera reclamación xudicial que se presentara ao respecto.

- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.
- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre, a través de medios informáticos ou telemáticos, a servizos sociais do Concello de Lugo, os datos contidos en ficheiros e a recoller a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará, de ser o caso, o pago da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poidan acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesario para a tramitación da axuda.

Aquelas persoas que teñan aberto expediente nos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Lugo non terán que achegar a documentación que xa figure actualizada no seu expediente.

Así mesmo, as persoas perceptoras da RISGA quedarán eximidas de achegar a documentación relativa á situación económica, cando contén coa resolución da concesión da dita prestación.

Artigo 12. Iniciación, instrución e resolución do procedemento

a) O procedemento iníciase, en todo caso, a solicitude da persoa interesada, asinada pola ou polo solicitante ou, se é o caso, pola ou polo representante legal. A solicitude formularase no modelo normalizado (anexo 1), onde se especificará o tipo de axuda e se acompañará a documentación esixida que figura no artigo 11 desta ordenanza.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de solicitude está aberto ao longo de todo o ano.

b) Comprobación da documentación achegada e verificación dos datos declarados na solicitude. De ser o caso, levarase a cabo o requirimento da documentación que sexa precisa para a continuidade do procedemento e emendar as deficiencias e/ou achegar a documentación necesaria nun prazo de 10 días. En caso contrario,

terase por desistida a súa petición, de conformidade co establecido na Lei de procedemento administrativo común.

c) Estudo e valoración da solicitude de axuda por parte da traballadora social de referencia, así como apertura de expediente social, no caso de non contar con expediente aberto. Diagnóstico e deseño do proxecto de intervención social correspondente con mención da modalidade de axuda, obxectivos e prazo de duración desta. Este proxecto de intervención deberá de ser aceptado e asinado expresamente pola persoa solicitante da axuda. Do mesmo xeito, o/a traballador/a social de referencia poderá utilizar todas as técnicas metodolóxicas do traballo social necesarias para a emisión do diagnóstico e formulación do informe (mantemento de entrevistas, visitas a domicilio, etc.).

d) Emisión de informe proposta de concesión ou denegación motivado por parte do traballador/a social de referencia. Este terá que incluír o concepto para o que se concede a axuda, a proposta de contía económica que proceda, en atención ás circunstancias concorrentes, así como modalidade do pago (directo á persoa beneficiaria ou ao subministrador). (anexo 5: informe proposta).

e) No caso de concesión da axuda, o pagamento poderá ser:

- Con carácter xeral, o pago realizaráselle directamente ao subministrador, ou, no caso das axudas de alugueiro, ao arrendador, mediante transferencia bancaria e no número de conta facilitado para os efectos. As persoas beneficiarias da axuda teñen que autorizar o pagamento directo ao subministrador ou arrendador (anexo 6: autorización para o pagamento da axuda de ESM ao submnistrador/arrendador no número de conta facilitado aos efectos de pagamento).
- Excepcionalmente, os pagos realizaránselle directamente á persoa tras a xustificación do gasto a través das facturas correspondentes ou calquera outro/s documento/s probatorio/s con validez administrativa. O pagamento faráselle directamente á persoa beneficiaria a través de transferencia bancaria no número de conta do cal sexa titular (anexo 7: pagamento directo).

f) A resolución dos procedementos de axuda de emerxencia social municipal previstos nesta ordenanza deberá producirse nun prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, a falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, sen prexuízo da obriga municipal de resolver de forma expresa o procedemento.

g) O órgano competente para ditar a resolución será a concelleira delegada responsable de Servizos Sociais do Concello de Lugo, e deberá estar motivada en atención á proposta formulada polo traballador/a social de referencia.

h) As resolucións, estimatorias ou desestimatorias, adoptadas notificaránselle ás persoas interesadas conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

i) Contra a resolución dictada, que porá fin a vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais pertinentes conforme á lexislación vixente.

l) O incumprimento da obriga de xustificar as axudas concedidas ou a xustificación insuficiente desta levará aparelado o reintegro de toda a axuda ou da parte desta non xustificada nos termos previstos nesta ordenanza.

Artigo 13. Denegación das AESM

As causas de denegación, que teñen que ser motivadas, son as seguintes:

- Non cumprir cos requisitos exixidos.
- Poder satisfacer adecuadamente as necesidades por si mesmo ou co apoio dos seus familiares, respresentante legal ou gardadores de feito.
- Corresponder a atención á persoa solicitante, pola natureza da prestación ou por razón de residencia, a outra administración pública.
- Residir no municipio por motivos de estudos.
- Solicitar unha prestación non axeitada para a resolución da problemática que se sinala ou que a súa mera concesión non sexa suficiente para resolvela.
- Non ter xustificado en tempo e forma as axudas de emerxencia social municipal concedidas con anterioridade.
- Desescolarización e/ou absentismo reiterado dos menores da unidade perceptora en idade de ensinanza obrigatoria.
- Dependencia de axudas sociais que non resolan a situación de necesidade e imposibiliten o logro da autonomía persoal da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia, en función da valoración profesional da traballador/a social de referencia.
- Falta de colaboración da persoa solicitante ou da súa unidade de convivencia para levar a cabo e cumprir cos obxectivos do proxecto de intervención social.

Artigo 14. Obrigas das persoas beneficiarias:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar o labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Comunicar calquera cambio relativo ao domicilio ou residencia habitual.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización das e dos menores ao seu cargo.
- Non exercer a mendicidade.
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, para o efecto da xestión da axuda. (anexo 7: proxecto de intervención social).

- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, RAI, IMV, etc.).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa.
- Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida.

Artigo 15. Causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas

As axudas poderán ser extinguidas nos seguintes supostos:

- a) Cando a persoa beneficiaria incumpra os compromisos adquiridos no proxecto de intervención social.
- b) Falseamento ou ocultación de datos para obter, conservar ou aumentar a prestación económica.
- c) Desaparición das circunstancias que deron orixe á súa concesión.
- d) Renuncia da persoa beneficiaria á prestación económica.
- e) Non empregar a prestación para o fin para a cal foi concedida.
- f) Outras causas de carácter grave imputables á persoa beneficiaria non contempladas nos apartados anteriores.
- g) Non xustificación da axuda.
- h) Falecemento da persoa beneficiaria. Cando a beneficiaria da axuda sexa unha unidade, poderá cambiarse a titularidade da axuda para outro membro da unidade perceptora que reúna os requisitos contemplados nesta ordenanza.
- i) Haberá que reintegrar as cantidades percibidas, e, chegado o caso, a exixencia dos xuros de mora correspondentes dende a data de aboamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, cando se produza algunha das causas de revogación e reintegro das axudas contempladas nesta ordenanza.
- k) O procedemento de reintegro iniciárase de oficio a proposta do/a traballador/a social de referencia no informe que emita ao respecto, e rexerase sobre as disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e, en todo caso, daráselle trámite de audiencia ao interesado no prazo de 10 días hábiles. O órgano competente para adoptar a resolución de reintegro total ou parcial dos importes percibidos será o órgano que concedeu a axuda ou órgano municipal no que delegase esta función.

Artigo 16. Réxime sancionador

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados pola persoa solicitante/beneficiaria da axuda, así como a non xustificación total ou parcial desta, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude polo período de 1 ano.

Artigo 17. Protección de datos

Os datos de carácter persoal que se obteñan durante a tramitación, valoración e seguimento das prestacións reguladas nesta ordenanza, pasarán a formar parte dos ficheiros municipais que estarán sometidos ao establecido na Lei orgánica

3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 18. Límite orzamentario

A concesión destas axudas queda condicionada á existencia de crédito orzamentario nas partidas orzamentarias correspondentes.

ANEXOS:

- ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024
- ANEXO II. Proxecto de intervención emerxencia social municipal.
- ANEXO III. Produtos básicos da “cesta da compra”.
- ANEXO IV. Solicitude de axuda de emerxencia social municipal
- ANEXO V. Informe proposta da traballadora social municipal relativo ao expediente de ESM
- ANEXO VI. Pagamento ao subministrador/arrendador. Modelo de conta bancaria.
- ANEXO VII. Pagamento directo á persoa beneficiaria.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024

Anexo I: táboa cos límites de ingresos para acceder ás axudas de emerxencia social municipal. Exercicio 2024.					
Subsidio básico. 78,20% do IPREM	469,20 €	Membros unidade económica	Contías complemento familiar	Contías totais S.B+C.F	Límite axuda emerxencia social municipal (125% da RISGA)
Complemento familiar		Solicitante		469,20 €	586,5 €
1.º membro 14,60% IPREM	87,60 €	1	87,60 €	556,80 €	696 €
2.º membro 12,50% IPREM	75,00 €	2	162,60 €	631,80 €	789,75 €
3.º e sucesivos 10,40% IPREM	62,40 €	3	225,00 €	694,20 €	867,75 €
		4	287,40 €	750-756,60* €	937,5-945,75* €
		5	349,80 €	750-819,00* €	937,5-1023,75* €
		6	412,20 €	750-840,00* €	937,5- 1050* €
- Para o ano 2024 o IPREM é de 600 €.					
- *A contía máxima do subsidio básico da RISGA + complemento familiar é de 750 € ou de 840 € se hai menores.					

ANEXO II: PROXECTO DE INTERVENCIÓN E.S.M

DATA: _____

1. TITULAR:

Nome e apelidos: _____ DNI: _____

2. TIPOLOXÍA:

escolares e formación

☐ gastos de vivenda

☐ gastos

dep...

☐ gastos de alimentación, limpeza

☐ gastos act.

Socioculturais,

☐ gastos farmacéuticos

☐ gastos de comedor escolar ☐

☐ gastos sanitarios

☐ gastos de forza maior ☐

☐ gastos desprazamentos

☐ outros gastos

☐

☐ gastos vestiario

PERIODICIDADE:

PROPOSTA CUANTÍA : ____

- puntual ☐

- periódica ☐

3. OBXECTIVO/S:

4. COMPROMISOS: cumprir o proxecto da RISGA ☐

seguimentos da UTS de referencia ☐

busca activa de vivenda ☐

☐

solicitud de RISGA_

☐

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

selado da tarxeta do INEM	☐	solicitude de AIS_____	☐	unidade
conviven. Independente	☐			
asistencia dos menores á escola	☐	solicitude	bono	social
eléctrico/aux	☐	busca activa de emprego	☐	
escolarización dos menores	☐	solicitude rec. discapacidade	☐	
participar no p. educación familiar	☐			
realizar seguimentos médicos	☐	solicitude PNC_	☐	
formación en linguas sociedade acollida	☐			
asistir á UAD	☐	solicitude de becas escolares		☐
outros:	☐			
		solicitude axudas IGVS/EVISLUSA		☐
		solicitudes IMV	☐	

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar a labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización dos menores ó seu cargo.
- Non exercer a mendicidade .
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, ao efecto da xestión da axuda.
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AiS, RAI. IMV etc).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa .

Sinatura da persoa beneficiaria

Sinatura da traballadora social e da educadora social (de ser o caso)

ANEXO III. PRODUTOS BÁSICOS “CESTA DA COMPRA” DE ESM:

SI (INCLUÍDOS)	NON (EXCLUÍDOS)
Arroz Pasta Fariña Leite Iogures sabores ou natural Manteiga Queixos básicos Ovos Aceite de xirasol Froita tempada: mazás, plátanos, laranxas... Legumes: lentellas, garavanzos, fabas... Café, cacao soluble Galletas básicas tipo “María”, Hortalizas de tempada: tomates, allo porro, cebola, allo, pemento, xudías, brócoli... Azucres, sal, pementa Artigos limpeza fogar: fregacháns, fregapratos, deterxente roupa, lixivia. Artigos aseo: xabón-xel, xampú, pasta de dentes, cepillo de dentes. Cueiros Carne: polo (peza enteira), pavo, porco Peixes básicos de tempada (xurelos, lirio...). Chacinería básica Latas de conserva básicas: atún, sardiñas... Pan básico.	Aceite de oliva Bebidas alcólicas Refrescos, zumes, batidos e enerxéticas Mariscos frescos e conxelados Carnes e peixes que non básicos: (solombo, costeleta de boi, vaca ou vitela, entrecosto, peixe sapo, ollomol, salmón...). Froita non básica: amorodos, cereixas, uvas, papaia, piña, manga, iuca etc. Alimentos precociñados: pizzas, lasañas, croquetas, albóndegas, salchichas... Chacinería non básica tipo “ibérico”, guijuelo. Queixos non básicos Produtos lácteos tipo “bio”, “bífidos”,... Bombóns, chocolates... Xeados Tortas, pasteis, bolería... Colonias Máscaras pel e pelo Produtos de beleza: pintaunllas, pintabeizos, tintas... Bolsas da compra Auga Suplementos alimenticios (vitaminas, minerais etc.).
Mercar sempre marca branca: IFA, HACENDADO, LIDL, DÍA, CARREFOUR, FAMILIA, LEADER PRICE.....	

 Concello de Lugo				MODELO
SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:	
ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)				
NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:	
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:				
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (no caso de que sexa diferente)				
ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO TELEMÁTICA:	DE NOTIFICACIÓN	
SOLICITA				

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

SOLICITA UNHA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL

☐ Autorización expresa da persoa solicitante ou da/o súa/seu representante legal, así como dos membros da unidade de convivencia abaixo asiantes ao Concello de Lugo-Servizos Sociais para o acceso e cesión dos datos contidos en ficheiros, ao tratamento dos datos persoais e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar única e exclusivamente o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

☐ DECLARO non ter percibido ningunha outra prestación ou axuda polo mesmo concepto obxecto desta solicitude.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO PERSONA SOLICITANTE	COA DNI/NIF/ N.ºPASAPORTE	SINATURA

NOTA: no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar con esta solicitude.

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE

- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, prestacións sociais, declaración xurada de ingresos etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta de todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza separación/convenio regulador, de ser o caso.

- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.
- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre a través de medios informáticos ou telemáticos ao Excmo. Concello de Lugo-Servizos Sociais os datos contidos en ficheiros, e a obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o dito procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará o pago, de ser o caso, da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesaria para a tramitación da axuda.

Con carácter excepcional e naqueles casos nos que a persoa solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, achegarse declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou persoais ou contías delas, así como de bens patrimoniais.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, proporciónaselle a seguinte información en relación co tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza de España, 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@lugo.gal
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación de “Axuda de Emerxencia Social Municipal”.

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, o establecido no artigo 9.2. h) do Regulamento europeo de protección de datos(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello , de 27 de abril de 2016 no referente ao tratamento de categorías especiais de datos persoais.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na tramitación do expediente e está prevista a comunicación de datos a administracións públicas.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente. En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que lle facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitárase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo, ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

**ANEXO V: INFORME PROPOSTA DA TRABALLADORA SOCIAL MUNICIPAL
RELATIVO AO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDA DO PROGRAMA DE
EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL.**

_____, colexiada número _____
responsable da unidade de traballo social _____ adscrita ao Centro de
Convivencia _____
_____ á vista da solicitude de axuda
do programa de emerxencia social municipal presentada por _____
con número de DNI/NIE/PASAPORTE _____.

INFORMA:

Baseándose nos datos que constan na historia social e valorada a súa solicitude
que se fundamenta en:

PROPÓN:

☐ Que se CONCEDA a axuda baseándose no recollido no correspondente
proxecto de intervención social que consta no seu expediente. O concepto é o
seguinte: _____
por contía de _____ motivada por _____
con modalidade de pagamento _____.

☐ Que se DENEGUE a axuda solicitada por no cumprir o requisito para ser
beneficiario/a do programa:

Lugo, _____ de _____ de _____.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

ANEXO VI: AUTORIZACIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL AO SUBMINISTRADOR/ARRENDADOR NO NÚMERO DE CONTA FACILITADO AOS EFECTOS

_____ co número de DNI/NIE/
Pasaporte _____, **AUTORIZO** á traballadora social do Concello de
Lugo co número de colexiada _____ para que pague o recibo/factura
_____ ao meu nome por importe
de _____ €, con cargo ao Programa de Emerxencia Social Municipal.

Lugo, _____ de _____ de 202_____

Asdo.:

DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR/ DA PERSOA ARRENDADORA OU EMPRESA AUTORIZADA
NOME E APELIDOS OU DENOMINACIÓN SOCIAL _____

DNI OU CIF _____

ENDEREZO _____

LOCALIDADE _____

CÓDIGO POSTAL _____

PROVINCIA _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (IBAN):

Sinatura do provedor:

ANEXO VII: PAGAMENTO DIRECTO Á PERSOA BENEFICIARIA

_____, traballadora social do CC
_____, pertencente ao Concello de Lugo

FAGO CONSTAR:

Que lle entrego a _____ con
DNI/NIE/N.º Pasaporte/ _____ a cantidade
de _____ €, en concepto de pago/axuda

—

—

—

—

O pagamento directo é a través de ingreso no n.º de conta da persoa beneficiaria.
Nº de conta anexo.(Documento IBAN)

Lugo, _____ de _____ de 202_____

RECIBÍN

A traballadora social

Asdo.: _____

Asdo: _____

Observacións: _____
_____”

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL, emitido na sesión celebrada o día 21 de marzo de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- APROBAR inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL (AESM) DO CONCELLO DE LUGO, nos mesmos termos acordados pola XGL do 12-2-2025, de aprobación do proxecto de Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social municipal, quedando a redacción como segue:

“ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 39, establece a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Por outra banda, os artigos 41, 139.1 e 149.1.1 recollen a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de todas as persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan ou impiden a participación plena de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución española establece que “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e sociofamiliares”; atribuíndolle a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20, ás comunidades autónomas

O artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia dispón que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia,

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia ten por obxecto definido no seu artigo 1 o de “estructurar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar”, garantindo “como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades...”

No artigo 2.1 define os servizos sociais como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega...”.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais fixados no artigo 3, atópase o de “facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social”.

Os servizos sociais comunitarios regulados nos artigos 9,10 e 11 da Lei 13/2008 “de carácter predominantemente local, circunscríbense a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais”. Desenvólvense nos centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares, e entre as súas funcións atópase a atención ás situacións individuais, que implican a información, diagnóstico e valoración coa conseguinte intervención no caso e aplicación do recurso idóneo.

O capítulo II da Lei 13/2008 comprende o catálogo de servizos sociais, así no seu artigo 18 manifesta que este catálogo estará integrado por un conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións entre os que se atopan no punto c) as “prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou familias e a estimular a súa incorporación social e laboral”.

Do mesmo xeito, o artigo 21.2.b) de prestacións económicas manifesta que teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais “As axudas de emerxencia e necesidade social”.

Tamén, cómpre facer referencia ao artigo 60.a) da Lei 13/2008 que lles atribúe aos concellos as competencias na “creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos”, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación sociolaboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado das e dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no seu artigo 9. que os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as súas funcións por medio dos programas e servizos seguintes:

(...)

d) Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. (...)

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, atribúelles aos concellos desta comunidade autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

O art. 25.1 e 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) establece que o municipio, “para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”, exercendo, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior aos 20.000 habitantes, como é o caso do Concello de Lugo.

As competencias atribuídas ao Concello de Lugo para intervir neste ámbito derivan, polo tanto, da lexislación estatal, autonómica e de réxime local, con especial mención á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

O Programa municipal de emerxencia social configúrase como un programa básico dos servizos sociais comunitarios que xorde no Concello de Lugo no ano 1989 coa finalidade de tratar de solucionar ou paliar as situacións de emerxencia social de persoas e/ou unidades familiares veciñais do municipio, afectadas por circunstancias valoradas pola traballadora social como de “emerxencia social”, toda vez que estas situacións supoñen a existencia de carencias graves en aspectos básicos da vida cotiá que requiren ser afrontadas, polo menos inicialmente, dende a achega económica directa á persoa solicitante da axuda.

O programa foi concibido como un conxunto de axudas económicas de carácter puntual, finalista e extraordinario que foron reguladas no Decreto núm. 12004176, do 21 de maio de 2012, e posteriormente, o 5 de setembro de 2016, ditouse o Decreto núm. 16006566 polo que se procede a modificar parcialmente o antedito programa, no referente á tipoloxía das axudas, así como ás persoas beneficiarias.

Na actualidade, o programa exige unha revisión para adaptalo á realidade social presente, e faise necesaria a aprobación dunha ordenanza, que conteña a regulación das axudas económicas que se lles conceden ás persoas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade das axudas de emerxencia social municipal

6. O obxecto é establecer o réxime xurídico aplicable ás axudas económicas enmarcadas no Programa de emerxencia social municipal e configuralas como axudas económicas finalistas, de carácter extraordinario, urxente e non periódico, concedidas a persoas ou unidades familiares ou de convivencia ás que sobreveñan situacións de urxente necesidade e non contén con recursos económicos propios suficientes para poder afrontalas.
7. As axudas do programa de emerxencia social municipal, en adiante ESM, estarán destinadas a sufragar os gastos específicos que se recollen nesta ordenanza, coa finalidade de solucionar, paliar ou complementar situacións carenciais graves, imprevistas e/ou excepcionais, que requiren pola súa natureza unha atención prioritaria na obtención de recursos económicos por parte das persoas e/ou unidades familiares/convivenciais.
8. Estas axudas de ESM **terán carácter finalista e excepcional**, tendentes a evitar que a situación se faga crónica, e o seu carácter será **subsidiario** en relación con outras axudas públicas que para os mesmos fins lle poida corresponder á persoa beneficiaria, e en ningún caso poderán ir destinadas a aboar débedas contraídas coa Administración.
9. As axudas forman parte dun proceso de intervención social que require do diagnóstico e valoración da necesidade, e en ningún caso constituirán un complemento ordinario de ingresos.
10. A finalidade das axudas de ESM será apoiar economicamente, de xeito excepcional e puntual, a aquelas persoas e/ou unidades perceptoras afectadas por un estado de necesidade sobrevido co fin de paliar, evitar e/ou previr situacións de marxinación ou exclusión social, favorecendo a inclusión, e dando unha resposta rápida ás situacións de emerxencia social en tanto non se xestionen outros recursos e/ou prestacións de carácter periódico e estable.

Artigo 2. Réxime de concesión das axudas de ESM

3. As axudas económicas de emerxencia municipal teñen carácter de dereito subxectivo, procedendo a súa concesión coa finalidade de posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas solicitantes, así como atender gastos extraordinarios e urxentes en situacións de grave emerxencia que poidan conducir a un proceso de exclusión social.
4. Polo seu carácter de prestación social de carácter asistencial, as axudas de emerxencia social municipal non teñen natureza de subvencións, segundo o artigo 29 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e

administrativas, que modifica o artigo 2.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Conceptos básicos no réxime de concesión das axudas de ESM

1. Unidade familiar ou de convivencia:

Fórmana a persoa ou persoas que habitan nun mesmo inmovible, e se atopan vinculadas por unha relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga, así como as persoas menores de idade en situación de acollemento familiar e os/as fillos/as que vivan temporalmente fóra do domicilio familiar cursando estudos e continúen empadroados/as no domicilio familiar.

2. Escaseza de ingresos:

Que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da renda de integración social de Galicia, en adiante, RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar de cada exercicio económico (anexo 1: táboa económica, exercicio 2024).

3. Ingresos da unidade familiar ou de convivencia:

Teñen a consideración de ingresos da unidade perceptora os procedentes de salarios, rendementos de traballo por conta propia, pensións, prestacións, rendas básicas, así como cantos outros perciban todos os membros da unidade familiar ou de convivencia por calquera concepto.

CAPÍTULO II. Das persoa beneficiarias

Artigo 4. Persoas beneficiarias das AESM e requisitos de acceso

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas e unidades familiares ou de convivencia que residan no municipio de Lugo.

Nunha unidade familiar ou de convivencia, só un dos seus membros poderá ter a condición de persoa beneficiaria aínda que se outorguen a favor de toda a unidade.

Serán requisitos necesarios para a concesión destas axudas os seguintes:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroad/a e residir no municipio de Lugo cunha antigüidade mínima de 6 meses. Exceptúase do requisito de antigüidade no padrón municipal, as persoas que, tras o informe social motivado da traballadora social de referencia que acredite a dita excepcionalidade, se atopen en situación de emerxencia social que faga necesaria esta axuda e cumpran co resto dos requisitos.

- Acreditar documentalmente a emerxencia dos feitos alegados, a necesidade urxente de recursos e a carencia de medios económicos propios para facer fronte ao gasto.
- Non dispoñer a unidade familiar de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia: que a renda familiar non sexa superior ao 125% do subsidio básico mais o complemento familiar da RISGA, que lle corresponda en función do número de membros da unidade familiar) de cada exercicio económico (anexo 1: límites ingresos AESM, exercicio 2024).
- Non dispoñer a unidade de convivencia de cantidades líquidas superiores a dúas mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- Consideraranse renda familiar os ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, depósitos bancarios, contas correntes e de aforro ou por calquera outro concepto.
- Que ningunha das persoas que integran a unidade perceptora dispoña de bens inmoables distintos á vivenda habitual e que indiquen a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que solicita a axuda, salvo causas xustificadas e debidamente acreditadas no informe social correspondente.
- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa e compromiso da persoa solicitante das condicións establecidas no proxecto de intervención social, plan de traballo e seguimentos establecidos para o efecto dende os servizos sociais comunitarios (anexo 2: proxecto de intervención ESM).
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, IMV, bolsas escolares, etc.).
- Ter xustificadas en tempo e forma as axudas concedidas con anterioridade ao abeiro deste programa e que correspondan ao ano anterior da nova solicitude e non estar incurso nas causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas reguladas no art. 14 desta ordenanza.
- Non percibir outras axudas polo mesmo concepto doutras administracións públicas. No caso de persoas e/ou unidades receptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

CAPÍTULO III. Tipoloxía e características das axudas

Artigo 5. Axudas de emerxencia social municipal (ESM) para vivenda:

- Gastos do alugueiro da vivenda.

- Gastos de subministracións básicas da vivenda: electricidade, gas, gasóleo de calefacción, bombonas de butano etc. Quedan excluídos os gastos da subministración da auga.
- Gastos derivados do mantemento da habitabilidade da vivenda.
- Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións e pisos compartidos que contén con contrato de alugueiro por habitacións.
- Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade- somier e colchón-) e enxoval básico.

As axudas económicas incluídas neste parágrafo concederanse cando o non pagamento do gasto supoña a posible perda do uso da vivenda ou das súas condicións de habitabilidade.

As axudas para o pago de alugueiro da vivenda son incompatibles coas axudas do Programa municipal de alugueiro de vivenda (EVISLUSA).

Non se concederán axudas de emerxencia social para sufragar os gastos de alugueiro de vivendas de protección oficial de titularidade pública, e ás persoas beneficiarias dos programas de axudas para o alugueiro doutras administracións públicas.

Poderanse conceder estas axudas a persoas perceptoras do complemento de alugueiro da RISGA e do complemento de alugueiro da PNC, procedendo a descontar o importe dos ditos complementos da contía da axuda por percibir. No caso do complemento da PNC, procederase ao rateo mensual do complemento. Nestes supostos, a concesión da axuda vai dirixida a evitar a posible perda do uso da vivenda, o cal deberá quedar reflectido no expediente.

Artigo 6. Axudas de ESM para cobertura de necesidades básicas

1. Gastos de **alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos**: inclúe a adquisición de alimentos e produtos específicos de alimentación infantil de venda en establecementos de alimentación. Os produtos básicos incluídos e excluídos detállanse no anexo 3: Produtos básicos da “cesta da compra” de ESM.

2. Gastos de **vestiario** básico (roupa e calzado).

3. Gastos **farmacéuticos**: inclúe a adquisición de medicamentos prescritos polo servizo público de saúde (na parte non financiada), leites maternizados, outros produtos farmacéuticos e, se é o caso, de parafarmacia con receita médica do servizo público de saúde.

4. Gastos **sanitarios**: inclúe axudas para a adquisición e reparación de lentes graduadas ou lentes de contacto, de ser o caso, audífonos, gastos odontolóxicos, material de ortopedia etc., así como outros gastos de tratamentos

con prescrición do servizo público de saúde. Para a adquisición destes produtos, será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes de produtos iguais ou semellantes, do que se escollerá o de menor contía.

No caso de persoas e/ou unidades perceptoras beneficiarias de tarxetas básicas e/ou moedeiro para a compra de produtos de alimentación e/ou hixiene, estas serán incompatibles coas axudas de ESM para necesidades básicas polos mesmos conceptos.

Artigo 7. Axudas de ESM educativas

1. Gastos **escolares e de formación**: inclúe a adquisición de material escolar naqueles casos nos que non sexa posible o acceso a bolsas e/ou axudas para adquisición de material escolar, asistencia a actividades extraescolares e/ou campamentos de verán, cando a asistencia a eles forme parte dun proxecto de intervención familiar.

2. Gastos derivados de **actividades socioculturais e deportivas**: excepcionalmente, poderán incluírse gastos de actividades socioculturais e deportivas que se consideren necesarias para acadar a integración social, e que formen parte do proxecto de intervención social dos servizos sociais municipais de atención a menores en risco de desprotección e cando non poidan incluírse nas convocatorias de actividades socioculturais e deportivas públicas correspondentes.

3. Gastos de **comedores escolares**, sempre que formen parte do proxecto de intervención social familiar dos servizos sociais municipais.

En todos os casos, nas axudas de emerxencia educativas deberá quedar acreditado que non se poden acoller ás axudas que convoquen os organismos competentes en materia de educación polo mesmo concepto.

Artigo 8. Axudas de ESM para transporte e outras

1. Gastos de **desprazamento**: excepcionalmente, poderán cubrirse gastos de traslados e viaxes, debidamente xustificados no informe social, e sempre que constitúa unha acción necesaria (asistencia a trámites xudiciais, fins de inserción laboral etc.), e se enmarquen nun proxecto de intervención social dos servizos sociais comunitarios municipais.

2. Gastos derivados de causas de **forza maior, catástrofes accidentes** etc.: as axudas económicas deste punto diríxense a facer fronte a situacións imprevistas que xeren un gasto extraordinario que a persoa afectada non pode afrontar.

Artigo 9. Conceptos non susceptibles de AESM

En ningún caso se considerarán susceptibles da axuda de emerxencia social municipal nos termos previstos nesta ordenanza:

- O pagamento de impostos, débedas e obrigacións coa administración.
- Os créditos persoais e débedas hipotecarias.
- Os gastos de subministracións non básicos (teléfono, internet, etc.).
- A subministración de auga.
- As multas e sancións.
- O pago de fianzas e gastos da comunidade de propietarios.

Artigo 10. Contía máxima das axudas e periodicidade da percepción:

Establécense como norma xeral as seguintes contías dentro do ano natural:

1. Gastos de vivenda:

- **Gastos de alugueiro da vivenda:** establécense unha contía máxima de 500 euros ao mes para o pago de **alugueiro** por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos por ano natural. (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).
- **Gastos de subministracións básicas da vivenda** (electricidade, gas, gasóleo, de calefacción, bombonas etc.): estipúlase unha contía máxima de 100 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $100 \times 4 = 400$ euros).
- **Gastos derivados do mantemento da habitabilidade** da vivenda. Pequenas obras de mantemento, limpeza xerais, desentullos etc. Determínase unha contía máxima de 1.000 euros ao ano.
- **Gastos derivados do aloxamento en hostais, pensións.** Establécense unha contía máxima de 500 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $500 \times 4 = 2.000$ euros/ano).
- **Gastos derivados do alugueiro dunha habitación en piso compartido.** Acórdase unha contía máxima de 300 €/mes por unidade familiar e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $300 \times 4 = 1.200$ €/ano).
- **Gastos de mobiliario, equipamento básico da vivenda** (electrodomésticos e mobiliario de primeira necesidade) e **enxoval básico.** Determínase unha contía máxima de 500 € por solicitude de axuda da unidade familiar, coa contía máxima de 1.000 € por unidade familiar e ano. Para estes efectos, aceptaranse como bens non inventariables as subministracións ou adquisición de elementos cuxa valoración individual non individual non supere os 500 €, podendo imputarse tales gastos ás

aplicacións correspondentes ao capítulo II “gastos en bens correntes e servizos”, se ben subordinado ao exame da natureza do ben en cuestión en cada caso concreto. Para a adquisición destes produtos será preciso que a persoa solicitante da axuda achegue, polo menos, dous orzamentos diferentes, do que se escollerá o de menor contía.

Para acreditar os gastos de alugueiro nos pisos, será preciso achegar os contratos de arrendamento da vivenda e/ou de arrendamento da habitación e non poderá existir relación de consanguinidade, afinidade ou relación de feito análoga entre o arrendador e a persoa/núcleo de convivencia que alugan a vivenda ou habitación.

2. Gastos de necesidades básicas:

- **Gastos de alimentación e produtos de limpeza e hixiene básicos:** establécese unha contía máxima de 250 euros ao mes por unidade familiar, e por un período máximo de catro meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $250 \times 4 = 1.000$ euros).
- **Leite maternizado:** acórdase unha contía máxima de 75 euros por lactante e mes, e por un período máximo de 6 meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo $75 \times 6 = 450$ euros/ano).
- **Gastos farmacéuticos e parafarmacia:** estipúlase unha contía máxima de 50 euros ao mes por unidade familiar e por un período máximo de seis meses sucesivos ou alternos no período dun ano natural (máximo anual $50 \times 6 = 300$ euros).
- **Gastos sanitarios:** establécese unha contía máxima de 250 euros por persoa e ano.
- **Gastos de vestiario básico:** determínase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.

3. Gastos educativos:

- **Gastos escolares e de formación:** con carácter subsidiario e de xeito excepcional, establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos derivados de actividades socioculturais e deportivas:** acórdase unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano.
- **Gastos de comedores escolares:** determínase unha contía máxima de 150 € por neno/a e mes (máximo 1.800 euros por neno/a e curso escolar).

4. Gastos de transporte e outros:

- **Gastos de desprazamento,** establécese unha contía máxima de 200 euros por persoa e ano natural.
- **Gastos derivados de causas de forza maior, catástrofes, etc.** As contías das axudas estarán en función do número de afectados, dispoñibilidade

económica do programa, urxencia na prestación da axuda, etc.; en todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano natural.

- **Outros gastos** non recollidos nos puntos anteriores que nun determinado momento o/a traballador/a social, mediante o informe que o xustifique, valora como necesarios para evitar situacións de risco e/ou exclusión social. En todo caso, o importe máximo da axuda non superará os 1.800 euros/ano.

En todo caso, a contía máxima anual para conceder por unidade de convivencia pola totalidade dos conceptos de axudas incluídos nesta ordenanza non poderá superar os 3.000 €.

CAPÍTULO IV. Tramitación das axudas de emerxencia social municipal

Artigo 11. Documentación que deberán achegar as persoas solicitantes destas axudas

A solicitude no modelo normalizado (anexo 4: modelo solicitude ESM) irá acompañada pola documentación seguinte, referida á persoa solicitante e, se é o caso, o resto dos membros da unidade familiar ou de convivencia:

- DNI, NIE pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade perceptora.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, certificado do INSS de percibir ou non prestacións sociais, declaración xurada de ingresos, etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta na axencia tributaria de todos os membros da unidade familiar/de convivencia.
- Sentenza de separación matrimonial, nulidade ou divorcio da persoa titular ou dos compoñentes da unidade perceptora, ou convenio regulador no que conste a cantidade fixada como pensión compensatoria ou de alimentos. No caso de impago das prestacións recoñecidas nos títulos sinalados, presentárase a xustificación da demanda de execución da sentenza, ou calquera reclamación xudicial que se presentara ao respecto.
- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.

- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre, a través de medios informáticos ou telemáticos, a servizos sociais do Concello de Lugo, os datos contidos en ficheiros e a recoller a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará, de ser o caso, o pago da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poidan acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesario para a tramitación da axuda.

Aquelas persoas que teñan aberto expediente nos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Lugo non terán que achegar a documentación que xa figure actualizada no seu expediente.

Así mesmo, as persoas perceptoras da RISGA quedarán eximidas de achegar a documentación relativa á situación económica, cando contén coa resolución da concesión da dita prestación.

Artigo 12. Iniciación, instrución e resolución do procedemento

a) O procedemento iniciárase, en todo caso, a solicitude da persoa interesada, asinada pola ou polo solicitante ou, se é o caso, pola ou polo representante legal. A solicitude formularase no modelo normalizado (anexo 1), onde se especificará o tipo de axuda e se acompañará a documentación esixida que figura no artigo 11 desta ordenanza.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de solicitude está aberto ao longo de todo o ano.

b) Comprobación da documentación achegada e verificación dos datos declarados na solicitude. De ser o caso, levarase a cabo o requirimento da documentación que sexa precisa para a continuidade do procedemento e emendar as deficiencias e/ou achegar a documentación necesaria nun prazo de 10 días. En caso contrario, terase por desistida a súa petición, de conformidade co establecido na Lei de procedemento administrativo común.

c) Estudo e valoración da solicitude de axuda por parte da traballadora social de referencia, así como apertura de expediente social, no caso de non contar con expediente aberto. Diagnóstico e deseño do proxecto de intervención social correspondente con mención da modalidade de axuda, obxectivos e prazo de duración desta. Este proxecto de intervención deberá de ser aceptado e asinado expresamente pola persoa solicitante da axuda. Do mesmo xeito, o/a traballador/a social de referencia poderá utilizar todas as técnicas metodolóxicas do traballo social necesarias para a emisión do diagnóstico e formulación do informe (mantemento de entrevistas, visitas a domicilio, etc.).

d) Emisión de informe proposta de concesión ou denegación motivado por parte do traballador/a social de referencia. Este terá que incluír o concepto para o que se concede a axuda, a proposta de contía económica que proceda, en atención ás circunstancias concorrentes, así como modalidade do pago (directo á persoa beneficiaria ou ao subministrador). (anexo 5: informe proposta).

e) No caso de concesión da axuda, o pagamento poderá ser:

- Con carácter xeral, o pago realizaráselle directamente ao subministrador, ou, no caso das axudas de alugueiro, ao arrendador, mediante transferencia bancaria e no número de conta facilitado para os efectos. As persoas beneficiarias da axuda teñen que autorizar o pagamento directo ao subministrador ou arrendador (anexo 6: autorización para o pagamento da axuda de ESM ao submnistrador/arrendador no número de conta facilitado aos efectos de pagamento).
- Excepcionalmente, os pagos realizaránselle directamente á persoa tras a xustificación do gasto a través das facturas correspondentes ou calquera outro/s documento/s probatorio/s con validez administrativa. O pagamento faráselle directamente á persoa beneficiaria a través de transferencia bancaria no número de conta do cal sexa titular (anexo 7: pagamento directo).

f) A resolución dos procedementos de axuda de emerxencia social municipal previstos nesta ordenanza deberá producirse nun prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, a falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, sen prexuízo da obriga municipal de resolver de forma expresa o procedemento.

g) O órgano competente para ditar a resolución será a concelleira delegada responsable de Servizos Sociais do Concello de Lugo, e deberá estar motivada en atención á proposta formulada polo traballador/a social de referencia.

h) As resolucións, estimatorias ou desestimatorias, adoptadas notificaránselle ás persoas interesadas conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

i) Contra a resolución dictada, que porá fin a vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais pertinentes conforme á lexislación vixente.

l) O incumprimento da obriga de xustificar as axudas concedidas ou a xustificación insuficiente desta levará aparelado o reintegro de toda a axuda ou da parte desta non xustificada nos termos previstos nesta ordenanza.

Artigo 13. Denegación das AESM

As causas de denegación, que teñen que ser motivadas, son as seguintes:

- Non cumprir cos requisitos exixidos.
- Poder satisfacer adecuadamente as necesidades por si mesmo ou co apoio dos seus familiares, respresentante legal ou gardadores de feito.
- Corresponder a atención á persoa solicitante, pola natureza da prestación ou por razón de residencia, a outra administración pública.
- Residir no municipio por motivos de estudos.
- Solicitar unha prestación non axeitada para a resolución da problemática que se sinala ou que a súa mera concesión non sexa suficiente para resolvela.
- Non ter xustificado en tempo e forma as axudas de emerxencia social municipal concedidas con anterioridade.
- Desescolarización e/ou absentismo reiterado dos menores da unidade perceptora en idade de ensinanza obrigatoria.
- Dependencia de axudas sociais que non resolvan a situación de necesidade e imposibiliten o logro da autonomía persoal da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia, en función da valoración profesional da traballador/a social de referencia.
- Falta de colaboración da persoa solicitante ou da súa unidade de convivencia para levar a cabo e cumprir cos obxectivos do proxecto de intervención social.

Artigo 14. Obrigas das persoas beneficiarias:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar o labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Comunicar calquera cambio relativo ao domicilio ou residencia habitual.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización das e dos menores ao seu cargo.

- Non exercer a mendicidade.
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, para o efecto da xestión da axuda. (anexo 7: proxecto de intervención social).
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AIS, RAI, IMV, etc.).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa.
- Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida.

Artigo 15. Causas de revogación e reintegro das axudas de emerxencia social concedidas

As axudas poderán ser extinguidas nos seguintes supostos:

- a) Cando a persoa beneficiaria incumpra os compromisos adquiridos no proxecto de intervención social.
- b) Falseamento ou ocultación de datos para obter, conservar ou aumentar a prestación económica.
- c) Desaparición das circunstancias que deron orixe á súa concesión.
- d) Renuncia da persoa beneficiaria á prestación económica.
- e) Non empregar a prestación para o fin para a cal foi concedida.
- f) Outras causas de carácter grave imputables á persoa beneficiaria non contempladas nos apartados anteriores.
- g) Non xustificación da axuda.
- h) Falecemento da persoa beneficiaria. Cando a beneficiaria da axuda sexa unha unidade, poderá cambiarse a titularidade da axuda para outro membro da unidade perceptora que reúna os requisitos contemplados nesta ordenanza.
- i) Haberá que reintegrar as cantidades percibidas, e, chegado o caso, a exigencia dos xuros de mora correspondentes dende a data de aboamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, cando se produza algunha das causas de revogación e reintegro das axudas contempladas nesta ordenanza.
- k) O procedemento de reintegro iniciárase de oficio a proposta do/a traballador/a social de referencia no informe que emita ao respecto, e rexerá sobre as disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e, en todo caso, daráselle trámite de audiencia ao interesado no prazo de 10 días hábiles. O órgano competente para adoptar a resolución de reintegro total ou parcial dos importes percibidos será o órgano que concedeu a axuda ou órgano municipal no que delegase esta función.

Artigo 16. Réxime sancionador

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados pola persoa solicitante/beneficiaria da axuda, así como a non xustificación total ou parcial desta,

ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude polo período de 1 ano.

Artigo 17. Protección de datos

Os datos de carácter persoal que se obteñan durante a tramitación, valoración e seguimento das prestacións reguladas nesta ordenanza, pasarán a formar parte dos ficheiros municipais que estarán sometidos ao establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 18. Límite orzamentario

A concesión destas axudas queda condicionada á existencia de crédito orzamentario nas partidas orzamentarias correspondentes.

ANEXOS:

- ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024
- ANEXO II. Proxecto de intervención emerxencia social municipal.
- ANEXO III. Produtos básicos da “cesta da compra”.
- ANEXO IV. Solicitude de axuda de emerxencia social municipal
- ANEXO V. Informe proposta da traballadora social municipal relativo ao expediente de ESM
- ANEXO VI. Pagamento ao subministrador/arrendador. Modelo de conta bancaria.
- ANEXO VII. Pagamento directo á persoa beneficiaria.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

ANEXO I. Táboa económica exercicio 2024

Anexo I: táboa cos límites de ingresos para acceder ás axudas de emerxencia social municipal. Exercicio 2024.					
Subsidio básico. 78,20% do IPREM	469,20 €	Membros unidade económica	Contías complemento familiar	Contías totais S.B+C.F	Límite axuda emerxencia social municipal (125% da RISGA)
Complemento familiar		Solicitante		469,20 €	586,5 €
1.º membro 14,60% IPREM	87,60 €	1	87,60 €	556,80 €	696 €
2.º membro 12,50% IPREM	75,00 €	2	162,60 €	631,80 €	789,75 €
3.º e sucesivos 10,40% IPREM	62,40 €	3	225,00 €	694,20 €	867,75 €
		4	287,40 €	750-756,60* €	937,5-945,75* €
		5	349,80 €	750-819,00* €	937,5-1023,75* €
		6	412,20 €	750-840,00* €	937,5- 1050* €
- Para o ano 2024 o IPREM é de 600 €.					
- *A contía máxima do subsidio básico da RISGA + complemento familiar é de 750 € ou de 840 € se hai menores.					

ANEXO II: PROXECTO DE INTERVENCIÓN E.S.M

DATA: _____

1. TITULAR:

Nome e apelidos: _____ DNI: _____

2. TIPOLOXÍA:

escolares e formación

☐ gastos de vivenda

☐ gastos

dep...

☐ gastos de alimentación, limpeza

☐ gastos

act.

Socioculturais,

☐ gastos farmacéuticos

☐ gastos de comedor escolar

☐ gastos sanitarios

☐ gastos de forza maior

☐ gastos desprazamentos

☐ outros gastos

☐ gastos vestiario

PERIODICIDADE:

PROPOSTA CUANTÍA : ____

- puntual ☐

- periódica ☐

3. OBXECTIVO/S:

4. COMPROMISOS:

cumprir o proxecto da RISGA ☐

seguimentos da UTS de referencia ☐
busca activa de vivenda ☐

☐

solicitud de RISGA_

☐

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

selado da tarxeta do INEM	☐	solicitude de AIS_____	☐	unidade
conviven. Independente	☐			
asistencia dos menores á escola	☐	solicitude	bono	social
eléctrico/aux	☐	busca activa de emprego	☐	
escolarización dos menores	☐	solicitude rec. discapacidade	☐	
participar no p. educación familiar	☐			
realizar seguimentos médicos	☐	solicitude PNC_	☐	
formación en linguas sociedade acollida	☐			
asistir á UAD	☐	solicitude de becas escolares		☐
outros:	☐			
		solicitude axudas IGVS/EVISLUSA		☐
		solicitudes IMV	☐	

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar a labor dos servizos sociais para verificar a súa situación social, familiar e económica.
- Achegar a documentación que se lle requira para a xestión da axuda e a acreditación do gasto.
- Comunicar calquera variación da situación económica, social e/ou familiar da unidade de convivencia.
- Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente.
- Escolarización dos menores ó seu cargo.
- Non exercer a mendicidade .
- Aceptación e compromiso expreso da persoa solicitante, das condicións establecidas no proxecto de intervención social, deseñado dende os servizos sociais municipais, ao efecto da xestión da axuda.
- Compromiso expreso de tramitar aquelas axudas ou prestacións ás que tivera dereito (RISGA, AiS, RAI. IMV etc).
- Xustificar en tempo as axudas concedidas dentro deste programa .

Sinatura da persoa beneficiaria

Sinatura da traballadora social e da educadora social (de ser o caso)

ANEXO III. PRODUTOS BÁSICOS “CESTA DA COMPRA” DE ESM:

SI (INCLUÍDOS)	NON (EXCLUÍDOS)
Arroz Pasta Fariña Leite Logures sabores ou natural Manteiga Queixos básicos Ovos Aceite de xirasol Froita tempada: mazás, plátanos, laranxas... Legumes: lentellas, garavanzos, fabas... Café, cacao soluble Galletas básicas tipo “María”, Hortalizas de tempada: tomates, allo porro, cebola, allo, pemento, xudías, brócoli... Azucre, sal, pementa Artigos limpeza fogar: fregacháns, fregapratos, deterxente roupa, lixivia. Artigos aseo: xabón-xel, xampú, pasta de dentes, cepillo de dentes. Cueiros Carne: polo (peza enteira), pavo, porco Peixes básicos de tempada (xurelos, lirio...). Chacinería básica Latas de conserva básicas: atún, sardiñas... Pan básico.	Aceite de oliva Bebidas alcólicas Refrescos, zumes, batidos e enerxéticas Mariscos frescos e conxelados Carnes e peixes que non básicos: (solombo, costeleta de boi, vaca ou vitela, entrecosto, peixe sapo, ollomol, salmón...). Froita non básica: amorodos, cereixas, uvas, papaia, piña, manga, iuca etc. Alimentos precociñados: pizzas, lasañas, croquetas, albóndegas, salchichas... Chacinería non básica tipo “ibérico”, guijuelo”. Queixos non básicos Produtos lácteos tipo “bio”, “bífidos”,... Bombóns, chocolates... Xeados Tortas, pasteis, bolería... Colonias Máscaras pel e pelo Produtos de beleza: pintaunllas, pintabeizos, tintas... Bolsas da compra Auga Suplementos alimenticios (vitaminas, minerais etc.).
Mercar sempre marca branca: IFA, HACENDADO, LIDL, DÍA, CARREFOUR, FAMILIA, LEADER PRICE.....	

 Concello de Lugo				MODELO
SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:	
ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)				
NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:	
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:				
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (no caso de que sexa diferente)				
ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO TELEMÁTICA:	DE NOTIFICACIÓN	
SOLICITA				

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

SOLICITA UNHA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL

☐ Autorización expresa da persoa solicitante ou da/o súa/seu representante legal, así como dos membros da unidade de convivencia abaixo asiantes ao Concello de Lugo-Servizos Sociais para o acceso e cesión dos datos contidos en ficheiros, ao tratamento dos datos persoais e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar única e exclusivamente o procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

☐ DECLARO non ter percibido ningunha outra prestación ou axuda polo mesmo concepto obxecto desta solicitude.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO PERSONA SOLICITANTE	COA DNI/NIF/ N.ºPASAPORTE	SINATURA

NOTA: no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar con esta solicitude.

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE

- Documentación que acredite a situación de necesidade determinante da solicitude da axuda (xustificantes de débedas, orzamentos, facturas etc.).
- DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento que acredite a identidade da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar.
- Libro de familia ou calquera outro documento que acredite a relación de parentesco, de ser o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Lugo ou autorización para solicitalo.
- Documentación acreditativa dos ingresos percibidos por todos os membros da unidade de convivencia e da súa situación laboral (certificacións do SEPE da situación laboral e prestacións das que sexa titular, informe de vida laboral, contrato de traballo e nóminas salariais, pensións, prestacións sociais, declaración xurada de ingresos etc.).
- Declaración do IRPF do último exercicio económico de todos os membros da unidade de convivencia que poderá substituírse pola autorización para a súa consulta de todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza separación/convenio regulador, de ser o caso.

- Certificación bancaria relativa aos saldos das contas e posicións bancarias de todos os membros da unidade familiar.
- Autorización expresa (de ser o caso) para que se lle solicite e subministre a través de medios informáticos ou telemáticos ao Excmo. Concello de Lugo-Servizos Sociais os datos contidos en ficheiros, e a obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración e doutras administracións públicas co obxecto de tramitar o dito procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.
- Certificación de titularidade da conta bancaria onde se fará o pago, de ser o caso, da axuda.
- Naqueles casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, declaración xurada de ingresos.
- Declaración xurada da persoa solicitante e demais membros da unidade familiar, cando proceda, na que se faga constar que non percibiu axudas para a mesma finalidade.
- Calquera outro documento que a xuízo dos servizos sociais municipais sexa necesaria para a tramitación da axuda.

Con carácter excepcional e naqueles casos nos que a persoa solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, achegarse declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou persoais ou contías delas, así como de bens patrimoniais.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación co tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@lugo.gal
- Contacto DPD: **dpd.lugo@seguridadinformacion.com**

FINALIDADE:

Tramitación de “Axuda de Emerxencia Social Municipal”.

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, o establecido no artigo 9.2. h) do Regulamento europeo de protección de datos(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello , de 27 de abril de 2016 no referente ao tratamento de categorías especiais de datos persoais.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na tramitación do expediente e está prevista a comunicación de datos a administracións públicas.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente. En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que lle facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitárase polas seguintes excepcións:

- c) Que os datos sobre os que recae este dereito fosen facilitados pola persoa interesada.
- d) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo, ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

**ANEXO V: INFORME PROPOSTA DA TRABALLADORA SOCIAL MUNICIPAL
RELATIVO AO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDA DO PROGRAMA DE
EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL.**

_____, colexiada número _____
responsable da unidade de traballo social _____ adscrita ao Centro de
Convivencia _____
_____ á vista da solicitude de axuda
do programa de emerxencia social municipal presentada por _____
con número de DNI/NIE/PASAPORTE _____.

INFORMA:

Baseándose nos datos que constan na historia social e valorada a súa solicitude
que se fundamenta en:

PROPÓN:

☐ Que se CONCEDA a axuda baseándose no recollido no correspondente
proxecto de intervención social que consta no seu expediente. O concepto é o
seguinte: _____
por contía de _____ motivada por _____
con modalidade de pagamento _____.

☐ Que se DENEGUE a axuda solicitada por no cumprir o requisito para ser
beneficiario/a do programa:

Lugo, _____ de _____ de _____.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

ANEXO VI: AUTORIZACIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL AO SUBMINISTRADOR/ARRENDADOR NO NÚMERO DE CONTA FACILITADO AOS EFECTOS

_____ co número de DNI/NIE/
Pasaporte _____, **AUTORIZO** á traballadora social do Concello de
Lugo co número de colexiada _____ para que pague o recibo/factura
_____ ao meu nome por importe
de _____ €, con cargo ao Programa de Emerxencia Social Municipal.

Lugo, _____ de _____ de 202_____

Asdo.:

DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR/ DA PERSOA ARRENDADORA OU EMPRESA AUTORIZADA

NOME E APELIDOS OU DENOMINACIÓN SOCIAL _____

DNI OU CIF _____

ENDEREZO _____

LOCALIDADE _____ CÓDIGO POSTAL _____

PROVINCIA _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (IBAN):

Sinatura do provedor:

ANEXO VII: PAGAMENTO DIRECTO Á PERSOA BENEFICIARIA

_____, traballadora social do CC
_____, pertencente ao Concello de Lugo

FAGO CONSTAR:

Que lle entrego a _____ con
DNI/NIE/N.º Pasaporte/ _____ a cantidade
de _____ €, en concepto de pago/axuda

—

—

—

—

O pagamento directo é a través de ingreso no n.º de conta da persoa beneficiaria.
Nº de conta anexo.(Documento IBAN)

Lugo, _____ de _____ de 202_____

RECIBÍN

A traballadora social

Asdo.: _____

Asdo:

Observacións: _____

INTERVENCIÓN

3/42 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2025.
REPARO NÚMEROS 96/2024 E 99/2024.- Examinado o expediente tramitado para
os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 18 de marzo de 2025, do seguinte teor literal:

“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O
Recoñecemento extraxudicial 3-2025_Reparos 96 e 99-2024
IMPORTE TOTAL: 363,95 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2025, prorrogado do exercicio 2024:
363,95 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **363,95 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **363,95 € (contía imputable ao orzamento 2025, prorrogado do exercicio 2024)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2025/363, do 18.03.2025, relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 3-2025_Reparos 96 e 99-2024, coas consideracións nel contidas, e os decretos de levantamento de reparo núm. 215/2025, do 13.01.2025,

e 216/2025, do 13.01.2025, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **363,95 €**:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
111687	TORNEIRO SA	A27020718	24904652	LA0005481 OXZ EDUCACIONE INFRA EST-LA0007383 REDES AUGAS POTABLES-EMISION CERTIFICADO CALIB RACION-EQUIPO SENKO MGT-P Nº S	16100.21300	202500001550	192,39	30/11/2024	TALLER_AUG	B
R024939/24	PAZ*SOILAN, ANGELA	33573073L	1085/24	Manómetro 0-10 kg, Codo fitting rosaca M. de 32-1. metal, Rac or M.H. de 1. metal (Albarán D/12.832-27.11.2024)	16100.21300	202500001550	24,99	30/11/2024	TALLER_AUG	D
111898	TALLERES TORNEIRO SA	A27105964	5189	HORA MANO OBRA TALLER ELECTRIC O-INTERRUPTOR ELECT. METABO 31 605218--	15300.21000	202500001824	84,68	18/12/2024	INFRAE URBA	B
111899	TALLERES TORNEIRO SA	A27105964	5190	HORA MANO OBRA TALLER ELECTRIC O-RODAMIENTO 6203-2RS--	15300.21000	202500001824	61,89	18/12/2024	INFRAE URBA	B
TOTAL							363,95"			

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de marzo de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **363,95 €:**

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
111687	TORNEIRO SA	A27020718	24904652	LA0005481 OXZ EDUCACIONE INFRA EST-LA0007383 REDES AUGAS POTABLES-EMISION CERTIFICADO CALIB RACION-EQUIPO SENKO MGT-P Nº S	16100.21300	202500001550	192,39	30/11/2024	TALLER_AUG	B
R024939/24	PAZ*SOILAN, ANGELA	33573073L	1085/24	Manómetro 0-10 kg, Codo fitting rosaca M. de 32-1. metal, Rac or M.H. de 1. metral (Albarán D/12.832-27.11.2024)	16100.21300	202500001550	24,99	30/11/2024	TALLER_AUG	D
111898	TALLERES TORNEIRO SA	A27105964	5189	HORA MANO OBRA TALLER ELECTRIC O-INTERRUPTOR ELECT. METABO 31 605218--	15300.21000	202500001824	84,68	18/12/2024	INFRAE URBA	B
111899	TALLERES TORNEIRO SA	A27105964	5190	HORA MANO OBRA TALLER ELECTRIC O-RODAMIENTO 6203-2RS--	15300.21000	202500001824	61,89	18/12/2024	INFRAE URBA	B
TOTAL							363,95"			

4/43 PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2025.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 18 de marzo de 2025, do teor literal seguinte:

“Asunto: Resolución das reclamacións presentadas ao Orzamento Xeral 2025. Aprobación definitiva

ANTECEDENTES QUE OBRAN NO EXPEDIENTE

❖ Aprobación inicial do Orzamento Xeral.

O Excmo. Concello Pleno do Concello de Lugo, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo 4/4 polo que se aprobou inicialmente o Orzamento Xeral así como o cadro de persoal e a súa documentación complementaria para o ano 2025.

❖ **Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 030 de 06.02.2025, de *exposición pública* polo prazo de quince días hábiles do Orzamento Xeral ao efecto da presentación de reclamacións polos interesados.**

❖ **Reclamacións ao Orzamento 2025**

A xefa de Negociado de de Rexistro, o 5 de marzo de 2025, emitiu un informe relativo sobre as reclamacións presentadas ao orzamento xeral da Corporación para a anualidade 2025, que a continuación se detallan:

NÚM REXISTRO	DATA PRESENTACIÓN	SOLICITANTE
202599900003134	11-02-2025 12:06:27	CANDIDO VALENCIANO VAZQUEZ DÍAZ
202599900003622	14-02-2025 15:53:09	JAIME GUEIMONDE SIERRA
202599900003595	14-02-2025 12:42:46	ASOCIACIÓN SAN XOSÉ POLVORÍN
202599900004468	22-02-2025 16:12:11	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO
202599900004476	22-02-2025 22:31:21	VAZQUEZ LOPEZ, RUBEN
202599900004477	22-02-2025 22:42:54	VAZQUEZ LOPEZ, RUBEN
202599900004493	23-02-2025 23:23:27	CERDEIRA CANTEIRO, MANUEL
202599900004561	24-02-2025 13:13:30	RODRIGUEZ BUIDE, MARIA ISABEL
202599900004622	25-02-2025 07:56:03	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202599900004675	25-02-2025 12:42:52	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO
202599900004835	26-02-2025 19:00:53	OTERO OTERO, RAFAEL
202599900004836	26-02-2025 19:09:11	OTERO OTERO, RAFAEL
202599900004824	26-02-2025 17:06:47	JAIRO LÓPEZ QUIÑOÁ
202599900004920	27-02-2025 13:40:47	QUIÑOÁ DACAL, MANUEL (CCOO)

❖ **Informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 337/2025 do 14.03.2025**

Logo de analizar as alegacións que constan rexistradas no período de exposición ao público, así como o contido das mesmas e o Informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 337/2025 do 14.03.2025, **propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:**

PRIMEIRO: Declarar a admisión das seguintes alegacións presentadas en base ao artigo 170.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, admitíndose deste xeito a condición de interesados dos asinantes das distintas alegacións, e tendo en conta que as reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

sendo de aplicación o disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- Reclamacións NRE 202599900004476 e 202599900004477 presentadas o 22 de febreiro de 2025 por don Rubén Vázquez López, con DNI 33535385M, na súa condición de Delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.
- Reclamación NRE 202599900004493 presentada o 23 de febreiro de 2025 por don Manuel Cerdeira Canteiro, con DNI nº 33.319.994-D, que actúa na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo.
- Reclamacións NRE 202599900004835 e 202599900004836 presentadas o 26 de febreiro de 2025 por don Rafael Otero Otero, provisto do DI 07.488.557-X na súa condición de delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.
- Reclamación NRE 202599900004920 presentada o 27 de febreiro de 2025 por QUIÑOIA DACAL, MANUEL con DNI 33339063B, que contén un escrito de dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de delegada sindical e de secretaria da sección sindical de CC.OO no Concello de Lugo.

SEGUNDO: Inadmitir, por non ter encaixe legal en ningún dos supostos sinalados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as seguintes reclamacións:

- Reclamación NRE 202599900003595 presentada por dona Flora Rubinos Rois, con DNI 33.856.690-T, como representante da asociación San Xosé Polvorín das Gándaras, con CIF G16905093, en data 14.02.2025
- Reclamación NRE 202599900003622 presentada por don JAIME GUEIMONDE SIERRA, con DNI 76569014-J, como representante da asociación de Veciños/as OS GATOS ROXOS, en data 14.02.2025
- Reclamación NRE 202599900003134 presentada por don Cándido Valeriano Vázquez Díaz, con DNI 33859957R, como director do CEIP As Gándaras e dona María Teresa Vázquez Redondo, con DNI 33341104M, en representación da ANPA do mesmo centro, en data 11.02.2025
- Reclamación NRE 202599900004824 presentada por don JAIRO LÓPEZ QUIÑOÁ, con DNI 33545700-Q, como representante da asociación de festas San Xosé As Gándaras, en data 26.02.2025
- Reclamacións NRE 202599900004468 presentadas por don ALBERTO RODRÍGUEZ GARCÍA, con DNI 33539223W, en representación da Asociación Xuntos por Lugo, en data 22.02.2025
- Reclamación NRE 202599900004561 presentada por dona Mª Isabel Rodríguez Buide, con DNI 33306405J, como representante da asociación de veciños San Lázaro, en data 24.02.2025
- Reclamación NRE 202599900004622 presentada por dona Cecilia Vázquez García, con DNI 33806790X, como representante da Asociación Cultural de Vecinos y Comerciantes del Barrio de San Antonio de Padua, con CIF G-27427905, en data 25.02.2025
- Reclamación NRE 202599900004675 presentada por Alberto Losada Díaz con DNI 33.838.243-E, en calidade de Presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, o 25 de febreiro de 2025.

TERCEIRO: Desestimar as seguintes alegacións admitidas, polos motivos expostos para cada caso no Informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 337/2025 do 14.03.2025, que figura no expediente:

- Reclamacións NRE 202599900004476 e 202599900004477 presentadas o 22 de febreiro de 2025 por don Rubén Vázquez López, con DNI 33535385M, na súa condición de Delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.
- Reclamación NRE 202599900004493 presentada o 23 de febreiro de 2025 por don Manuel Cerdeira Canteiro, con DNI nº 33.319.994-D, que actúa na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo.
- Reclamacións NRE 202599900004835 e 202599900004836 presentadas o 26 de febreiro de 2025 por don Rafael Otero Otero, provisto do DI 07.488.557-X na súa condición de delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.
- Reclamación NRE 202599900004920 presentada o 27 de febreiro de 2025 por QUIÑO A DACAL, MANUEL con DNI 33339063B, que contén un escrito de dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de delegada sindical e de secretaria da sección sindical de CC.OO no Concello de Lugo.

CUARTO: Aprobar definitivamente, unha vez rematado o prazo de exposición pública para a presentación de reclamacións e resoltas estas, O ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO PARA O EXERCICIO 2025, que ascende nivelado en ingresos e gastos a 121.119.314,86 euros.

QUINTO: Aprobar definitivamente o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

SEXTO: Aprobar definitivamente as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2025.

SÉTIMO: Proceder á publicación do Orzamento Xeral 2025 no BOP, de acordo co previsto no artigo 169.3 do R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o cadro de persoal de acordo co sinaldo no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

OITAVO: Remitir copia do Orzamento xeral definitivamente aprobado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de acordo co previsto no artigo 169.4 do R.d.legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais."

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de marzo de 2025.

3. INFORME DE INTERVENCIÓN, do 14 de marzo de 2025, do seguinte teor:

"En contestación á solicitude da Alcaldía interesando a emisión de informe desta Intervención xeral sobre as reclamacións presentadas durante o prazo de exposición ó público ao Orzamento Xeral desta Corporación para o exercicio 2025, o funcionario que suscribe ten a ben realizar as seguintes consideracións:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Entre outra normativa de aplicación, pódense destacar as seguintes normas:

A) Lexislación específica local:

- *Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- *Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI do TRLFL, en materia orzamentaria.*
- *Orde HAP 419/2014 de 14 de marzo de estrutura presupostaria das entidades locais.*
- *Orde HAP 1783/2013 do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo Normal, de contabilidade para a Administración Local*
- *Orde HAP/2082/2014 de 7 de novembro, de obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012*

B) Lexislación supletoria de Estado:

- *Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria*
- *Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e normativa de desenvolvemento*

C) Normativa propia da Entidade local

- *Ordenanzas fiscais*
- *Bases de execución orzamentarias*

D) Outros instrumentos xurídicos de aplicación.

- *Regulamento interno do persoal funcionario do Concello de Lugo e Convenio Colectivo do Persoal Laboral*

ANTECEDENTES QUE OBRAN NO EXPEDIENTE

❖ Aprobación inicial do Orzamento Xeral.

O Excmo. Concello Pleno do Concello de Lugo, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2025, adoptou, entre outros, o acordo 4/4 polo que se aprobou inicialmente o Orzamento Xeral así para o ano 2025.

❖ **Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 030 de 06/02/2025, de exposición pública** polo prazo de quince días hábiles do Orzamento Xeral ao efecto da presentación de reclamacións polos interesados.

❖ Alegacións ao Orzamento 2025

A xefa de servizo de Rexistro, o 05/03/2025, emitiu un informe relativo sobre as reclamacións presentadas ao orzamento xeral da Corporación para a anualidade 2025, que a continuación se detallan:

NÚM REXISTRO	DATA PRESENTACION	SOLICITANTE
--------------	-------------------	-------------

202599900003134	11-02-2025 12:06:27	CANDIDO VALENCIANO VAZQUEZ DÍAZ
202599900003622	14-02-2025 15:53:09	JAIME GUEIMONDE SIERRA
202599900003595	14-02-2025 12:42:46	ASOCIACIÓN SAN XOSÉ POLVORÍN
202599900004468	22-02-2025 16:12:11	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO
202599900004476	22-02-2025 22:31:21	VAZQUEZ LOPEZ, RUBEN
202599900004477	22-02-2025 22:42:54	VAZQUEZ LOPEZ, RUBEN
202599900004493	23-02-2025 23:23:27	CERDEIRA CANTEIRO, MANUEL
202599900004561	24-02-2025 13:13:30	RODRIGUEZ BUIDE, MARIA ISABEL
202599900004622	25-02-2025 07:56:03	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202599900004675	25-02-2025 12:42:52	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO
202599900004835	26-02-2025 19:00:53	OTERO OTERO, RAFAEL
202599900004836	26-02-2025 19:09:11	OTERO OTERO, RAFAEL
202599900004824	26-02-2025 17:06:47	JAIRO LÓPEZ QUIÑOÁ
202599900004920	27-02-2025 13:40:47	QUIÑOÁ DACAL, MANUEL (CCOO)

INFORME DE INTERVENCIÓN

Con carácter previo á avaliación das reclamacións presentadas, advírtese do alcance do presente informe, que se limita á análise, en criterio desta Intervención xeral, destas en relación cos supostos taxados de reclamación previstos no Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Dende ese punto de vista de **observancia da legalidade** e non de **criterios de oportunidade** (coas limitacións derivadas da xurisprudencia do TS sobre a competencia plenaria nesta fase da tramitación procedimental do Orzamento), que excederían das funcións legalmente outorgadas a este órgano, é dende o que se emite o parecer da Intervención xeral.

A. Competencia : Concepto de “interesados”

Sinala o artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que “para os efectos do disposto no apartado do artigo anterior, terán a condición de interesados:

- Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.”

Pode, en principio, en función do disposto no artigo transcrito admitirse a condición de interesados dos asinantes das distintas alegacións presentadas, sen prexuízo do maior ou menor rigor formal da súa formulación.

B. Prazo.

O prazo estipulado pola normativa vixente para a presentación de reclamacións é de quince días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia (**BOP nº 030 de 06.02.2025**)

Tódalas reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor, sendo de aplicación o disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

C. Análise do contido das Reclamacións.

O artigo 170.2 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, establece que *“unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:*

a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto”

Logo de ver o contido do presente artigo, na fase de exposición pública, unicamente deberan admitirse reclamacións que contén coa natureza citada, e, de ser o caso, estimarse ou desestimarse polo Pleno da Corporación, aquelas que se baseen nalgún dos sinalados supostos, sen prexuízo das consideracións que con respecto de cada unha delas se exporán de seguido.

C.1. Análise das alegacións que se refiren a cuestións de Persoal

- Reclamacións NRE 202599900004476 e 202599900004477 presentadas o 22 de febreiro de 2025 por don Rubén Vázquez López, con DNI 33535385M, na súa condición de Delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.

Con carácter xeral fan mención a unha suposta insuficiencia orzamentaria no relativo a Prevención de Riscos Laborais, en concreto medidas técnicas recollidas na planificación da actividade preventiva, derivadas da avaliación de riscos dos distintos departamentos e servizos do Concello de Lugo, así como determinando insuficiente o importe de 10.000,00 € consignado para formación nesta materia.

Ínstase despois a revisar e concretar a partida orzamentaria destinada ás medidas técnicas de prevención de riscos laborais nos orzamentos de 2025 e a incrementar substancialmente a partida orzamentaria destinada á formación en prevención de riscos laborais.

Agora ben, como se sinalou, trátase de propostas xenéricas, que non cuantifican a suposta omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, nin os preceptos legais ou doutra índole dos que se deduza indubidablemente esta insuficiencia (menciónanse os artigos 15 e 19 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, pero estes non conteñen cifras, porcentaxes nin outros parámetros que permitan concluír na insuficiencia do crédito preciso).

Nas alegacións formuladas non se realiza mención ningunha ao suposto concreto no que se basean, dos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e aínda que se reconducise á previsión establecida no apartado b) do dito precepto, cómpre recordar que reiterada xurisprudencia ten asentado que para que puidese prosperar unha alegación baseada nese motivo, sería necesario que existise un dereito recoñecido legal ou administrativamente que á súa vez se traducira nunha obriga vencida, líquida e esixible, o que non é o caso, Por esta razón procedería a súa desestimación

- Reclamación NRE 202599900004493 presentada o 23 de febreiro de 2025 por don Manuel Cerdeira Canteiro, con DNI nº 33.319.994-D, que actúa na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo.

Na reclamación formulada non se realiza mención ao suposto concreto no que se basea, dos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, podendo reconducirse á previsión establecida no apartado a) do dito precepto.

En esencia, alégase a ausencia de negociación colectiva preceptiva previa á aprobación dos orzamentos municipais, sinalando **“en concreto en relación a *aprobación da plantilla municipal*, na que, ademais, existen discrepancias con respecto a RPT municipal”**.

O artigo 90 da LRBRL sinala que **“1. Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.**

Os cadros de persoal deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan pasar os límites que se fixen con carácter xeral”.

O artigo 126 do TRRL indica á súa vez que **“Os cadros de persoal, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder os principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios”**.

Pola súa banda, compre lembrar que as materias obxecto de negociación atópanse recollidas nos artigos 37 do TREBEP e 153 da LEPG, e en ningún deles se cita a aprobación dos orzamentos anuais no seu conxunto, ou en concreto os cadros de persoal, que son un documento independente pero que se aproba xunto con estes. Deste xeito, unicamente sería preceptiva esta negociación, se, a través do contido deste instrumento, se repercutise nas condicións de traballo do persoal relativas ás materias dos citados artigos, como por exemplo:

- a) A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A determinación e aplicación das retribucións complementarias do persoal funcionario.
- c) As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión,

sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.

d) As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño, etc.

Pois ben, en principio, dada a súa configuración e a evolución normativa, resulta que, fronte ás RPTs, os cadros de persoal teñen un ámbito máis reducido, xa que non inclúen nin as características esenciais dos postos, entre eles as retributivas, nin os requisitos para o seu desempeño, tendo unha finalidade preferentemente de ordenación e estruturación das prazas nos distintos corpos e escalas. Deste xeito sería complexo afirmar que podan afectar ás condicións de traballo do persoal. Debe lembrarse que, de acordo co disposto no artigo 37.2 do TREBEP quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación, as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de autoorganización, salvo que teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

Por todo o exposto entende o que subscribe que, con independencia de que puidese ser ata recomendable que os representantes dos traballadores tiveran coñecemento do contido do orzamento no que os afecte, como o cadro de persoal, isto non é óbice para entender que a súa aprobación fose susceptible de negociación preceptiva previa, nin que non se axustase a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na lei, como esixe o artigo 170.2.a) do TRLRFL, para ser susceptible de reclamación.

Cómpre engadir ademais, neste caso concreto, que o cadro de persoal ao que se fai mención, asinado pola xefa de sección do servizo de persoal o 20.12.2024, non contén en principio variacións con respecto ao aprobado no exercicio anterior, no que se refire a creación, amortización ou alteración das prazas que contén, que se sitúa en 669 como en 2024, de xeito que tampouco existiría ningunha proposta de modificación susceptible de negociación.

Por outra banda débese lembrar que, sendo Lugo un concello ao que se aplica o Título X da LRBRL relativo a municipios de gran poboación, a relación de postos de traballo, instrumento que si podería considerarse que ten incidencia nas condicións de traballo, apróbase pola Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127.1.h) da citada norma, e, polo tanto, non forma parte do expediente orzamentario.

Por esta razón procedería a desestimación da reclamación presentada

- Reclamacións NRE 202599900004835 e 202599900004836 presentadas o 26 de febreiro de 2025 por don Rafael Otero Otero, provisto do DI 07.488.557-X na súa condición de delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.

Nunha das reclamacións que se entende como errónea, engádese unha solicitude de información que nada ten que ver con este expediente, relativa á OPE de 2020.

Na reclamación válida faise mención á ausencia dunha partida económica destinada á implementación efectiva da carreira profesional horizontal para os empregados públicos do concello.

Baséase no suposto recollido no artigo 170.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e noméanse os artigos 35 e 103 da CE así como os 16.3, 17 e 20

do TREBEP. Tamén se citan sentenzas de xulgados de 1 instancia e do TSX da CCVV.

Con independencia da obriga ou non de que polo concello se proceda ao desenvolvemento da carreira profesional horizontal e/ou sistemas de avaliación do desempeño, que non son obxecto deste informe, a aplicación do suposto recollido no artigo 170.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, segundo reiterada xurisprudencia, esixe que exista un dereito recoñecido legal ou administrativamente que á súa vez se traducise nunha obriga vencida, líquida e esixible, o que non é o caso. Claro exemplo disto é o punto 4 do solicito da reclamación en cuestión, ao facer referencia a *“Que se inicie de forma inmediata os trámites necesarios para a aprobación das normas regulamentarias que regulen a carreira profesional horizontal”*. Non existindo aínda a norma evidentemente non pode existir a obriga nin a omisión do crédito para facerlle fronte.

Por esta razón procedería a súa desestimación

- Reclamación NRE 202599900004920 presentada o 27 de febreiro de 2025 por QUIÑOÁ DACAL, MANUEL con DNI 33339063B, que contén un escrito de dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de delegada sindical e de secretaria da sección sindical de CC.OO no Concello de Lugo.

A reclamación formulada abrangue varios aspectos diferenciados.

No relativo á carreira profesional, reitérase a conclusión recollida na análise da reclamación anterior contida neste informe, é dicir, con independencia da obriga ou non de que polo concello se proceda no seu caso ao desenvolvemento desta, a aplicación do suposto recollido no artigo 170.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, segundo reiterada xurisprudencia, esixe que exista un dereito recoñecido legal ou administrativamente, que á súa vez se traducise nunha obriga vencida, líquida e esixible, o que non é o caso. Non existindo aínda a norma que regule a carreira profesional, evidentemente non pode existir a obriga nin a omisión do crédito para facerlle fronte.

No que se refire á alegación do punto segundo, esta supón unha cuestión de oportunidade referida á determinación do sistema de xestión do servizo de reparación de avarías na rede de auga e saneamento. No relativo aos orzamentos xerais para 2025, unha vez adxudicado o contrato administrativo para esta finalidade, a obriga é dotar o crédito preciso para atendelo, pois de non ser así si poderíamos estar nun suposto do artigo 170.2.b) do TRLRFL, o que se cumpre neste caso, polo que non corresponde na aprobación do orzamento debatir sobre a forma de xestión do servizo.

No relativo ao punto terceiro, nun concello do título X da LRBRL como Lugo, a aprobación da RPT corresponde, segundo o artigo 127.1.h) desta norma, á Xunta de Goberno Local, e non ao pleno a través dos orzamentos. Con independencia da obriga de modificar este instrumento en función das sentencias xudiciais que se citan (o que non é óbice deste informe), os orzamentos deben recoller o crédito preciso para dar cobertura ás obrigas que se deduzan da situación actual, o que se cumpre e se traduce no anexo de persoal que se inclúe en aplicación do artigo

168.1.c) do TRLRFL e 18.1.c) do RD 500/1990, que contén as retribucións e gasto de seguridade social dos seguintes 4 traballadores/as: 2070 V COORDINADOR/A (C.CENTER), 2071 V COORDINADOR/A (C.CENTER), 2073 V TELEOPERADOR/A ESP. (C.CENTER), 2072 V TELEOPERADOR/A ESP. (C.CENTER).

O punto cuarto fai referencia á situación de determinados postos da área de benestar, configurados a un 66% de xornada, solicitando que se dote a contía necesaria para a xornada completa. Con independencia de que fose convinte ou non esa adaptación, o que non corresponde analizar neste expediente, a situación é similar á do punto anterior. Esta adaptación procedería no seu caso realizala a través da RPT, cuxa aprobación corresponde, segundo o artigo 127.1.h) desta norma, á Xunta de Goberno Local, e non ao pleno a través dos orzamentos. Deste xeito, os orzamentos deben recoller o crédito preciso para dar cobertura ás obrigas que se deduzan da situación actual, o que se cumpre e se traduce no anexo de persoal que se inclúe en aplicación do artigo 168.1.c) do TRLRFL e 18.1.c) do RD 500/1990.

Polas razóns expostas procedería a desestimación da reclamación formulada

C2. Análise das alegacións que non se refiren a cuestións de Persoal

- **Reclamación NRE 202599900003595 presentada por dona Flora Rubinos Rois, con DNI 33.856.690-T, como representante da asociación San Xosé Polvorín das Gándaras, con CIF G16905093, en data 14.02.2025**

- **Reclamación NRE 202599900003622 presentada por don JAIME GUEIMONDE SIERRA, con DNI 76569014-J, como representante da asociación de Veciños/as OS GATOS ROXOS, en data 14.02.2025**

- **Reclamación NRE 202599900003134 presentada por don Cándido Valeriano Vázquez Díaz, con DNI 33859957R, como director do CEIP As Gándaras e dona María Teresa Vázquez Redondo, con DNI 33341104M, en representación da ANPA do mesmo centro, en data 11.02.2025**

- **Reclamación NRE 202599900004824 presentada por don JAIRO LÓPEZ QUIÑOÁ, con DNI 33545700-Q, como representante da asociación de festas San Xosé As Gándaras, en data 26.02.2025**

Nas reclamacións presentadas realízase mención dos artigos 170.1.c) e 170.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, como preceptos que as amparan.

En tódolos casos trátase da inclusión de importes para determinadas actuacións baseadas en criterios de oportunidade:

- Dotar á rúa Virxe da Soidade dunha beirarrúa que garanta o tránsito de peóns de forma segura
- Elaborar o proxecto para dotar de beirarrúas e humanizar a contorna da residencia de maiores

En relación con isto cómpre dicir que o trámite de reclamacións non está previsto legalmente para constituírse nunha sorte de segunda instancia que abra un novo debate sobre o orzamento, non podendo ampararse esta pretensión en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

Por tanto, a xuízo de quen subscribe procede a inadmisión das alegacións

presentadas.

- Reclamacións NRE 202599900004468 presentadas por don ALBERTO RODRÍGUEZ GARCÍA, con DNI 33539223W, en representación da Asociación Xuntos por Lugo, en data 22.02.2025

Nas alegacións presentadas realízase mención dos artigos 170.1.c) e 170.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, como preceptos que as amparan.

Trátase en tódolos casos da inclusión de importes nos Orzamentos do exercicio 2025, para determinadas actuacións baseadas en criterios de oportunidade:

- Elaborar un plan plurianual, que permita dotar aos núcleos do rural de abastecemento e saneamento
- Dotar do servizo de vaciado de fosas sépticas mentres non se completa a rede de saneamento
- Mellorar o servizo de recollida do lixo no rural dotando de colectores e realizando un estudo de rutas que optimice a súa eficiencia
- Implantación total no ano 2025 do servizo de taxi a demanda
- Elaborar un plan de desbroces das vías municipais de forma que se garanta a circulación segura en todas elas
- Elaborar un plan de reparacións e mantemento das estradas e camiños do rural

En relación con isto cómpre dicir que o trámite de reclamacións non está previsto legalmente para constituírse nunha sorte de segunda instancia que abra un novo debate sobre o orzamento, non podendo ampararse esta pretensión en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

Por tanto, a xuízo de quen subscribe procede a inadmisión da alegación presentada.

- Reclamación NRE 202599900004561 presentada por dona M^a Isabel Rodríguez Buíde, con DNI 33306405J, como representante da asociación de veciños San Lázaro, en data 24.02.2025

Na alegación presentada realízase mención dos artigos 170.1.c) e 170.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, como preceptos que a amparan.

Trátase da inclusión de importes nos Orzamentos do exercicio 2025, para determinadas actuacións baseadas en criterios de oportunidade:

- Dotar a Estrada Vella de Santiago de beirarrúas ata o cemiterio

En relación con isto cómpre dicir que o trámite de reclamacións non está previsto legalmente para constituírse nunha sorte de segunda instancia que abra un novo debate sobre o orzamento, non podendo ampararse esta pretensión en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

Por tanto, a xuízo de quen subscribe procede a inadmisión da alegación presentada.

- Reclamación NRE 202599900004622 presentada por dona Cecilia Vázquez García, con DNI 33806790X, como representante da Asociación Cultural de

Vecinos y Comerciantes del Barrio de San Antonio de Padua, con CIF G-27427905, en data 25.02.2025

Na alegación presentada realízase mención dos artigos 170.1.c) e 170.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, como preceptos que a amparan.

Trátase da inclusión de importes nos Orzamentos do exercicio 2025, para determinadas actuacións baseadas en criterios de oportunidade:

- Arranxar e cubrir o parque infantil da Praza Fonte dos Ranchos
- Eliminación do tapón da rúa Escultor Asorey

En relación con isto cómpre dicir que o trámite de reclamacións non está previsto legalmente para constituírse nunha sorte de segunda instancia que abra un novo debate sobre o orzamento, non podendo ampararse esta pretensión en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

Por tanto, a xuízo de quen subscribe procede a inadmisión da alegación presentada.

- Reclamación NRE 202599900004675 presentada por Alberto Losada Díaz con DNI 33.838.243-E, en calidade de Presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, o 25 de febreiro de 2025.

No seu escrito o reclamante fai un extenso relato da situación da Sociedade Protectora e das súas instalacións. Conclúe solicitando que se garanta que a partida dos orzamentos municipais para o ano 2025 reservada para a Canceira municipal será destinada para a legalización e ampliación das instalacións na localización actual

Como se veu sinalando ao longo deste informe, o artigo 170.2 do TRLRFL sinala que **unicamente** poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto

Pois ben, analizada a alegación en cuestión, compróbase que, malia fundarse segundo o seu texto no suposto recollido no artigo 170.2.b), a realidade é que non se axusta a ningunha das posibilidades citadas, pois non se aduce ningunha infracción na elaboración ou tramitación do expediente, omisión de crédito obrigatorio ou insuficiencia de ingresos.

Por tanto, a xuízo de quen subscribe procede a inadmisión da alegación presentada.

D. Procedemento:

O artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, sinala que

“1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente

aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

2. A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse (...)"

Pola súa banda, o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de xxx, sinala que

"1. O acto de aprobación provisional do Orzamento Xeral, sinalando o lugar e data inicial do cómputo do prazo de exposición ao público, anunciarase no «Boletín Oficial» da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma Uniprovincial, e simultaneamente poñerase ao dispor do público a correspondente documentación por un prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O Orzamento considerase definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Este último prazo entenderase contado a partir do día seguinte á finalización da exposición ao público e as reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen no acto de aprobación definitiva.

2. A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse (art. 150.2, LRHL)"

Este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito. Non obstante o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a admisión das seguintes alegacións presentadas en base ao artigo 170.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, admitíndose deste xeito a condición de interesados dos asinantes das distintas alegacións, e tendo en conta que as reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor, sendo de aplicación o disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

- Reclamacións NRE 202599900004476 e 202599900004477 presentadas o 22 de febreiro de 2025 por don Rubén Vázquez López, con DNI 33535385M, na súa condición de Delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.

- Reclamación NRE 202599900004493 presentada o 23 de febreiro de 2025 por don Manuel Cerdeira Canteiro, con DNI nº 33.319.994-D, que actúa na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo.

- Reclamación NRE 202599900004835 e 202599900004836 presentadas o 26 de febreiro de 2025 por don Rafael Otero Otero, provisto do DI 07.488.557-X na súa condición de delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.

- Reclamación NRE 202599900004920 presentada o 27 de febreiro de 2025 por QUIÑOIA DACAL, MANUEL con DNI 33339063B, que contén un escrito de dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de delegada sindical e de secretaria da sección sindical de CC.OO no Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Inadmitir, por non ter encaixe legal en ningún dos supostos sinalados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as seguintes reclamacións:

- Reclamación NRE 202599900003595 presentada por dona Flora Rubinos Rois, con DNI 33.856.690-T, como representante da asociación San Xosé Polvorín das Gándaras, con CIF G16905093, en data 14.02.2025.

- Reclamación NRE 202599900003622 presentada por don JAIME GUEIMONDE SIERRA , con DNI 76569014-J, como representante da asociación de Veciños/as OS GATOS ROXOS, en data 14.02.2025.

- Reclamación NRE 202599900003134 presentada por don Cándido Valeriano Vázquez Díaz, con DNI 33859957R, como director do CEIP As Gándaras e dona María Teresa Vázquez Redondo, con DNI 33341104M, en representación da ANPA do mesmo centro, en data 11.02.2025.

- Reclamación NRE 202599900004824 presentada por don JAIRO LÓPEZ QUIÑOÁ, con DNI 33545700Q, como representante da asociación de festas San Xosé As Gándaras, en data 26.02.2025.

- Reclamacións NRE 202599900004468 presentadas por don ALBERTO RODRÍGUEZ GARCÍA, con DNI 33539223W, en representación da Asociación Xuntos por Lugo, en data 22.02.2025.

- Reclamación NRE 202599900004561 presentada por dona Mª Isabel Rodríguez Buíde, con DNI 33306405J, como representante da asociación de veciños San

Lázaro, en data 24.02.2025.

- Reclamación NRE 202599900004622 presentada por dona Cecilia Vázquez García, con DNI 33806790X, como representante da Asociación Cultural de Vecinos y Comerciantes del Barrio de San Antonio de Padua, con CIF G-27427905, en data 25.02.2025.

- Reclamación NRE 202599900004675 presentada por Alberto Losada Díaz con DNI 33.838.243-E, en calidade de Presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, o 25 de febreiro de 2025.

TERCEIRO.- Desestimar as seguintes alegacións admitidas, polos motivos expostos para cada caso no Informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 337/2025 do 14.03.2025, que figura no expediente:

- Reclamacións NRE 202599900004476 e 202599900004477 presentadas o 22 de febreiro de 2025 por don Rubén Vázquez López, con DNI 33535385M, na súa condición de Delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.

- Reclamación NRE 202599900004493 presentada o 23 de febreiro de 2025 por don Manuel Cerdeira Canteiro, con DNI nº 33.319.994-D, que actúa na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo.

- Reclamacións NRE 202599900004835 e 202599900004836 presentadas o 26 de febreiro de 2025 por don Rafael Otero Otero, provisto do DNI 07.488.557-X na súa condición de delegado Sindical da CIG no Concello de Lugo.

- Reclamación NRE 202599900004920 presentada o 27 de febreiro de 2025 por QUIÑO A DACAL, MANUEL con DNI 33339063B, que contén un escrito de dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de delegada sindical e de secretaria da sección sindical de CC.OO no Concello de Lugo.

CUARTO.- Aprobar definitivamente, unha vez rematado o prazo de exposición pública para a presentación de reclamacións e resoltas estas, O ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO PARA O EJERCICIO 2025, que ascende nivelado en ingresos e gastos a 121.119.314,86 euros.

QUINTO.- Aprobar definitivamente o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

SEXTO.- Aprobar definitivamente as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2025.

SÉTIMO.- Proceder á publicación do Orzamento Xeral 2025 no BOP, de acordo co previsto no artigo 169.3 do R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o cadro de persoal de acordo co sinalado no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

OITAVO.- Remitir copia do Orzamento xeral definitivamente aprobado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de acordo co previsto no artigo 169.4 do R.d.legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

DELIBERACIÓN

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Goberno, Pablo Permuy.

DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: Gracias, señor alcalde. Bos días a todas e a todos. Neste punto o que estamos a falar é da resolución das reclamacións presentadas ao orzamento xeral para o ano 2025 e se proceda á aprobación definitiva do mesmo. Cómpre dicir, como xa fixen no ano anterior, recordar o artigo 170 do texto refundido da Lei de facendas locais, que di que unicamente se poderán presentar reclamacións contra o orzamento por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei. Segundo, por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. E, terceiro, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

Presentáronse en prazo 14 reclamacións, respecto de cómputo de de prazos, pódese admitir a condición de interesados de todos os asinantes destas reclamacións. E ademais as reclamacións foron presentadas todas dentro do prazo legal polo que procedería a admisión e estudo de cada unha destas 14 alegacións.

Un pouco facendo un resumo das mesmas. Separámolas en dous grupos.

As primeiras refírense a cuestións de persoal: Unha reclamación presentada por don Rubén Vázquez López, como delegado sindical da CIG no Concello de Lugo. Nesta alegación faise mención a unha proposta ... orzamentaria no relativo á prevención de riscos laborais, nos 10.000 euros que están consignados para a formación nesta materia. Trátase dunha proposta xenérica que non cuantifica a omisión de crédito orzamentario nin os preceptos legais ou doutra índole dos que se deduce indubidablemente esta insuficiencia. A xurisprudencia ten asentado que para que prosperase unha alegación deste tipo sería necesario que existise un dereito recoñecido legal ou administrativamente, que á súa vez se traduciría nunha obriga vencida, líquida exixible, o que non é o caso. Por esta razón procedería a súa desestimación.

A segunda reclamación presentada é a de don Manuel Cerdeira Canteiro, como presidente da Xunta de Persoal do Concello de Lugo, na que se alega a ausencia de negociación colectiva preceptiva previa á aprobación dos orzamentos municipais. Nos asuntos que se indican, en ningún deles figura como obrigatoria dita negociación e a plantilla aprobada por 2025, con 660 prazas non contén variación ningunha respecto a de 2024. A relación de postos de traballo aprobase pola Xunta de Goberno e, por tanto, non forma parte do expediente orzamentario. E por esa razón tamén procedería a desestimación da reclamación presentada.

Hai dúas reclamacións presentadas por don Rafael Otero Otero, como o delegado sindical de CIG no Concello de Lugo, unha das reclamacións, que se entende como errónea, engádese unha solicitude de información que nada nada ten que ver con este expediente, relativo á oferta de 2020, e a outra é respecto da carreira profesional, no existindo aínda norma que regule, non pode existir obriga nin a omisión de crédito para facerlle fronte. Por esta razón tamén procedería a súa desestimación.

Hai unha reclamación presentada por dona María Teresa Rodríguez Chao, como delegada sindical e secretaria de acción sindical de Comisións Obreiras no Concello de Lugo, tamén respecto da carreira profesional, na que, ben, a información é a mesma que na reclamación anterior, xa que non existe esa obriga nin a omisión de crédito para facerlle fronte. A segunda cuestión que plantexa corresponde a unha cuestión de oportunidade, referida a determinación de xestión de avarías na rede de auga e saneamento, polo que non corresponde á aprobación do orzamento debater sobre a forma de xestión do servizo. Por estas razóns, esta proposta tamén debería ser desestimada.

En canto ás alegacións que se refiren a cuestións que non son de persoal, vou tratar de incluír no mesmo apartado varias delas porque a similitude argumental é a mesma. E son: A reclamación presentada por dona Flora Rubinos Rois, que actúa na súa condición de representante da Asociación San Xosé Polvorín das Gándaras; a reclamación presentada por don Jaime Daimon de Sierra, como representante da Asociación de Veciños os Gatos Roxos; a reclamación presentada por don Cándido Valeriano Vázquez Díaz, María Teresa Vázquez Redondo, que actúan como director e representante da ANPA do CEIP das Gándaras respectivamente; a reclamación presentada por Jairo López Quiñoá, que actúa como representante da Asociación de festas San Xosé das Gándaras; a reclamación presentada por don Alberto Rodríguez García, en representación da Asociación Xuntos por Lugo; a reclamación presentada por dona Isabel Rodríguez Buíde, como representante da Asociación de Veciños San Lázaro...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Ten que ir rematando, señor Permuy, rematou o tempo...

DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: ... Perdón, continuo na segunda parte da intervención.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois para o turno de réplica ten a palabra a voceira do Grupo Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Efectivamente, como ben dicía o alcalde, este grupo municipal renunciou a exercer as súas funcións de impulso e control neste Pleno polas especiais e tristes circunstancias que provocaron todos os cambios que tiveron nesta Corporación. É coñecido a reivindicación de moitos de nós que pedimos esa humanización da política, esa política de valores. Desgraciadamente tivemos un enorme exemplo para demostrar que queremos ser. É indubidable, e agradézolle o xesto, segundo empezou, que nunca tivemos probablemente ningunha mostra de aprecio ou de afecto por parte deste Goberno, pero iso é froito do debate político e así o tomamos. E o máis importante, nin nos condiciona a maneira de facer, e sobre todo, non nos condiciona a maneira de ser. Confeso, que aínda entrar neste Concello impacta emocionalmente e incluso nas actividades que se organizan fóra. Dígoo así abertamente, que fun incapaz, e mira que me gusta, de botar un baile nas Gándaras porque a pena aínda segue presente despois desta desgracia. Pero, dito isto, evidentemente, a cidade segue tendo problemas que resolver, a vida segue, e vostedes quixeron que neste Pleno se decida a aprobación definitiva dos orzamentos. Saben que nos opuxemos, no seu momento, a súa aprobación porque entendiamos que era un documento que tiña un amplo marxe de mellora. A presentación destas alegacións viñeron a demostralo.

En primeiro lugar, facendo un pouco contestación a mesma estrutura que usou o voceiro do Partido Socialista, a cidadanía e moi especialmente na primeira parte os traballadores deste Concello, os máis de 660 traballadores, teñen que saber que con esta non aceptación das súas alegacións se está votando en contra da carreira profesional; de non ampliar a xornada laboral na área de benestar das persoas que están co 65%; en non recuperar servizos que neste momento están privatizados e que hai feitos obxectivos de que teñen unha ampla marxe de mellora, estoume referindo, por suposto, a reparación de fugas; que se está votando en contra a non incrementar o orzamento en materia de prevención de riscos, en materia de formación para a prevención, que nos parece importantísimo; que se está votando en contra de garantir o cumprimento de sentenzas xudiciais, entendo que si que debe ser unha obriga vencida e exixible e tampouco se ten en conta. E o que máis nos preocupa, que queda patente unha ausencia de negociación colectiva, que sexa perceptiva previa ou non, isto evidentemente non é un debate xurídico, eu estoume a referir á idoneidade ou á análise política, é algo moi criticable e que demostra unha ausencia de algo. Certamente nesta lexislatura, non alcanzo a saber cal é a razón, levan traballando de costas a todos os representantes dos traballadores. De feito, tiveron que acudir a esta sesión de Pleno reivindicando que se volva á senda do diálogo, e non sei por qué, creo que é un erro, díxeno á entrada do Pleno, o principal capital que ten a Administración local son os seus traballadores, e entendo que non se pode aceptar moitas veces todo o que piden, pero non é normal a situación na que estamos vivindo agora: moitos compromisos incumpridos e que van en detrimento da calidade do seu traballo.

A maiores está outro tipo de alegacións que presentou a sociedade civil ou asociacións que tamén nos preocupa, porque a maioría delas, ademais, apunta a un aspecto no que tamén deberíamos encontrar unha boa receptividade do Goberno local, que a seguridade. É dicir, seguir sen beirarrúas no colexio das Gándaras, na Virxe da Soidade, ségueme parecendo preocupante, parece que non entenden que hai un título ou un precepto legal ou calquera outro título obrigado, eu teño na miña man unha encomenda de xestión da empresa municipal de solo, EVISLUSA, para a elaboración do proxecto e a execución da urbanización parcial da marxe da Virxe da Soidade, do 21 de febreiro do 27, vale que ás mocións de Pleno non lles fagan moito caso, vale que aos acordos e aos compromisos en redes sociais e medios de comunicación queden normalmente neste Concello en papel mollado, pero un acordo da Xunta de Goberno que non sexa un título lexítimo pois xa me deixa aínda se cadra máis preocupada.

Creo que a presentación destas alegacións, francamente, deixa patente de que o documento ten unha marxe de mellora. Seguen dicindo non a ampliar o abastecemento e saneamento; non escoitan a posibilidade de ter un servizo de baleirado de fosas sépticas, de mellora da recollida de lixo no rural, se cadra agora máis importante, cando van ter que pagalo; incrementar a partida de taxi a demanda, incrementar a partida para o plan de rozas ou o plan de reparación de estradas; á beirarrúa do cemiterio na Estrada Vella de Santiago; cubrir o parque infantil no barrio da Residencia; ou eliminar tapóns urbanísticos que, por certo, nestes orzamentos eliminouse a partida que si ía o ano pasado. Son, en definitiva, algunhas das peticións que piden aos veciños e veciñas desta...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo, señora Candia. Segunda quenda para o señor Permuy. Ten tres minutos...

DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: ... todas estas alegacións o que tratan é de incluír a importes nos orzamentos de 2025 para determinadas actuacións que só están baseadas en criterios de oportunidade. En relación con isto, cómpre dicir que o trámite de reclamacións non está previsto legalmente para constituírse nunha sorte de segunda instancia, recórdollo señora Candia. É dicir, isto non é un debate dos orzamentos que xa están aprobados no Pleno do mes de xaneiro, e non se trata de abrir un novo debate sobre o orzamento. Por tanto, correspondería a inadmisión de todas estas alegacións.

Ademais hai unha presentada por Alberto Losada, en calidade de presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas, que non se axusta a ningunha das posibilidades que marca a lei e que, por tanto, non debería ser tida en conta tampouco.

Estráñame que agora veña indicando todo o que acaba de relatar, porque no trámite no que si correspondía facer alegacións ao orzamento do 2025, como quedou patente nese Pleno do mes de xaneiro, todas as súas alegacións presentadas fóra de prazo, como ben indicou nese momento a secretaria municipal. É dicir, tamén parece un pouco estraño que 12 concelleiros, mais os asesores, non

tivesen tempo a poder analizar esas cuestións, cando precisamente dúas-tres semanas antes saíron en rolda de prensa criticando os orzamentos. Entón non sei para o que tiveron tempo e para o que non. Dito isto, que non estaba no meu ánimo introducir cuestións políticas neste apartado, que é moito moito máis técnico e que se debe amparar en cuestións legais. Á vista dos contidos das reclamacións, a lexislación antes mencionada, en consonancia co informe do interventor municipal, propónse desestimar as 14 reclamacións por non basearse todas elas en ningún dos tres supostos relacionados no artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo antes mencionado.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, non lle vou a explicar o que pasou nas alegacións porque vostede coñece, e ademais vostede o sufriu porque vostede volveu a convocar unha comisión para informar nun asunto antes do Pleno e, aí si, por un erro que tiveron vostedes ou os 600 que vostedes representan ou o concelleiro de turno. Non vou incidir niso porque acepteille as desculpas e colaboramos en volver a celebrar a comisión e porque, evidentemente, temos palabra e temos coherencia, pero sorpréndeme que sexa vostede o que ridiculice iso de fóra de prazo.

A realidade é que vostedes agora van aprobar en solitario uns orzamentos. Uns orzamentos que os representantes dos traballadores lles critican, e ademais queda absolutamente demostrado de que non se contou con eles nin se lles informou dos trámites e os aspectos que lles informan. O propio informe, que eu agradézolles que de vez en cando teñan en conta os informes de Intervención, é máis, a nosa reivindicación é que os teñan sempre, non só cando lles interesa, di claramente que é recomendable que os representantes dos traballadores tivesen coñecemento do contido do orzamento no que os afecte. Di o mesmo informe na páxina 7, que vostede ampara pasar o rodillo. Pero a realidade, máis que o tema xurídico, insisto, a realidade política é que aproban os orzamentos sen o aval dos representantes dos traballadores, sen ningún consenso co grupo que gañou as eleccións, e que está na oposición lexitimamente cos seus acordos, pero que gañou as eleccións, algo terá que dicir tamén, e, por suposto, con un importante rechazo tamén da sociedade. E fano nun contexto onde lles seguen pedindo esforzos, nestes orzamentos, e creo que hoxe tamén hai que recordar, vostedes piden un importante esforzo aos lucenses de hoxe cunha importante subida de impostos. Queda aínda pendente de clarificar que vai pasar coa taxa do lixo. Teñen vostedes privatizado aí nunha consultora os números finais, e tamén piden un esforzo aos lucenses de mañá porque estes orzamentos están pendentes da contratación dun novo crédito. Está claro que os esforzos sempre os dirixen vostedes aos mesmos, son os cidadáns lucenses e vostedes seguen instaurados en que o están facendo todo absolutamente ben e o resto da xente ou non se decata ou non sabe ou non traballa. Insisto, creo que hoxe ademais non procede ser máis duro no debate,

argumentos había, creo que se equivocan e remato cunha petición de que ese ofrecemento de man tendida e de diálogo sexa real e efectiva, porque a mostra que levamos hoxe é que efectivamente é un paripé, un titular de prensa, pero agardamos que entre todos sexamos capaces de efectivamente entrar na axenda do consenso. Moitas grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... quenda final para o compañeiro Permuy. Cando queira.

DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: É ben certo que nesa nesa comisión da que vostede fala houbo un erro de falta de información. É dicir, no seu momento xa lle agradecín á predisposición a colaborar e a facer unha segunda da comisión. Pero sigo dicindo, o debate orzamentario, non correspondía neste Pleno, correspondía no do mes de xaneiro.

En base a todo o anteriormente exposto, e cumpridos todos os trámites legais, unha vez rematado o prazo de exposición pública para a presentación de alegacións e resoltas estas, propónse aprobar a resolución das reclamacións presentadas ao orzamento xeral do 2025 e, polo tanto, primeiro, aprobar definitivamente o orzamento xeral consolidado para o exercicio 2025, que ascende a 121.119.314,86 euros; segundo, a aprobación definitiva do cadro de persoal do Concello de Lugo, segundo figura no expediente; e a aprobación definitiva das bases de execución do orzamento xeral do 2025. Moitas grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois efectivamente, como moi ben dicía, o voceiro do Goberno, non se trata hoxe aquí de abrir un novo debate, como parece que pretendeu a señora Candia sobre os orzamentos. Xa o tivemos. Trátase de decidir unha serie de alegacións que, por certo, vostedes, polas razóns que foran, non presentaron. Mire, nós entendemos que temos os orzamentos que necesita neste momento a cidade de Lugo. Son uns orzamentos realistas, uns orzamentos ilusionantes, que teñen un fondo compromiso social, porque a nós nos preocupan as persoas e polas que dedicamos nada menos que o 52,29% dos mesmos. Como pensados, tamén, para robustecer a actividade económica, para dinamizar a economía, para crear riqueza, para xerar postos de traballo, tamén pensados para incidir no medio ambiente, na protección da contorna e, como non, na cohesión territorial, actuando en todos os barrios, en todas as parroquias e, ademais, facendo tanto con grandes proxectos transformadores que se recollen nos orzamentos como nesas pequenas actuacións cotiás que fan mellorar a vida da xente, por suposto sen esquecer outras áreas como son cultura, a innovación, o deporte, o ensino, etcétera. Por tanto, creemos que son uns bos orzamentos, as alegacións que non se admitiron polas razóns que moi ben expuxo o compañeiro, e nos queda simplemente deste xa, desde hoxe mesmo, comezar a executalos porque penso que son beneficiosos para a nosa sociedade.

5/44 CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2025.- Vista a proposta da Alcaldía, do 24 de marzo de 2024, do seguinte teor:

“Señores Concelleiros/as:

Visto que o Pleno ordinario do mes de abril corresponde celebralo o día 24 do citado mes e que, polo tanto, as súas Comisións deberían celebrarse os días 15 e 16, datas nas que se están a levar a cabo determinados actos e eventos que se realizan con motivo da celebración da Semana Santa, e a fin de evitar a súa interferencia ou coincidencia, por esta Alcaldía PROPONSE a adopción do seguinte acordo:

Cambiar a data da sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno correspondente ó mes de abril do ano 2025, trasladando a súa celebración ao día 30 de abril de 2025, mantendo o seu carácter de ordinaria, e á que se elevarán todos os expedientes que teñan finalizada a súa tramitación; facultándose a esta Alcaldía para determinar a hora da súa celebración.

Non obstante a Excm. Corporación resolverá.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

CAMBIAR a data da sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno correspondente ó mes de abril do ano 2025, trasladando a súa celebración ao día 30 de abril de 2025, mantendo o seu carácter de ordinaria, e á que se elevarán todos os expedientes que teñan finalizada a súa tramitación; facultándose a esta Alcaldía para determinar a hora da súa celebración.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

6/45 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DECRETO DO PLAN DE ACCIÓN DA ALCALDÍA 2024: MEDIDAS RESPECTO DOS

INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES, DEFICIENCIAS E ERROS POSTOS DE MANIFESTO POLA INTERVENCIÓN XERAL ATENDENDO AS RECOMENDACIÓNS EXPOSTAS NO SEU INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2023.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 18 de febreiro de 2025, do seguinte teor literal:

“En cumprimento co previsto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local e o artigo 44 do Regulamento de Control Interno do Sector Público do Concello de Lugo, aprobouse, mediante Decreto da Alcaldía núm. 1544/2025 de data 18/02/2025, o Plan de Acción que determina as medidas a adoptar para subsanar as debilidades, deficiencias e erros postos de manifesto no informe resume dos resultados de control interno do exercicio 2023 elaborado pola Intervención Xeral. É polo que

PROPONSE:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Decreto de Alcaldía núm. 1544/2025 de data 18/02/2025 de aprobación do Plan de Acción da Alcaldía 2024: medidas respecto dos incumprimentos, debilidades, deficiencias e erros postos de manifesto pola Intervención Xeral atendendo as recomendacións expostas no seu informe-resumo dos resultados de Control Interno do exercicio 2023.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

7/46 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA CORPORACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2025.- Vista a proposta da Intervención Municipal, do 6 de marzo de 2025, do teor literal seguinte:

“O artigo 31 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, dispón que:

“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para

cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.

El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.

Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

*3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. **El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.***

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno”.

Por outra banda, o Plan Anual de Control Financeiro será obxecto de publicación en cumprimento do previsto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que “2. **Las Administraciones Públicas publicarán los planes y programas anuales y plurianuales en los que se fijan objetivos concretos, así como las actividades, medios y tiempo previsto para su consecución. Su grado de cumplimiento y resultados deberán ser objeto de evaluación y publicación periódica junto con los indicadores de medida y valoración, en la forma en que se determine por cada Administración competente”.**

En cumprimento da mencionada normativa, con data 25/02/2025, o Interventor Xeral Municipal emitiu o informe Ref.: 2025/264, relativo ao “**Plan Anual de Control Financeiro para o ano 2025**”, polo que, propónselle ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Dar conta a efectos informativos ao Excmo. Concello Pleno do Plan Anual de Control Financeiro para o ano 2025.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

8/47 DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2026-2028 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, APROBADO POLO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 2377/2025, DO 12 DE MARZO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 18 de marzo de 2025, do teor literal seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) establece no seu artigo 29, modificado pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, a obriga de subministración de información da xestión orzamentaria nos seguintes termos:

“Artículo 29. Plan presupuestario a medio prazo.

1. *Se elaborará un plan presupuestario a medio prazo que se incluírá en el Programa de Estabilidad, en el que se enmarcará la elaboración de los presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública y de conformidad con la regla de gasto.*
2. *El plan presupuestario a medio plazo abarcará un periodo mínimo de tres años y contendrá, entre otros parámetros:*
 - a) *Los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública y regla de gasto de las respectivas Administraciones Públicas.*
 - b) *Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el periodo considerado.*
 - c) *Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.*
 - d) *Una evaluación de cómo las medidas previstas pueden afectar a la sostenibilidad a largo plazo de las finanzas públicas.*
3. *Las proyecciones adoptadas en el plan presupuestario a medio plazo se basarán en previsiones macroeconómicas y presupuestarias elaboradas conforme a las metodologías y procedimientos establecidos en el proceso presupuestario anual.*
4. *Toda modificación del plan presupuestario a medio plazo o desviación respecto al mismo deberá ser explicada.”*

Pola súa banda, a Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF, segundo redacción dada pola Orde Ministerial HAP/2082/2014, de 7 de novembro, que veu a modificala, establece ó respecto:

“Artículo 6. Información sobre los planes presupuestarios a medio plazo.

Antes del quince de marzo de cada año, de acuerdo con la información disponible sobre el objetivo de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, se remitirán los planes presupuestarios a medio plazo en los que se enmarcará la elaboración de sus Presupuestos anuales. Dichos planes presupuestarios a medio plazo deben incluir información sobre los pasivos contingentes, como son las garantías públicas

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

y préstamos morosos, que puedan incidir de manera significativa en los presupuestos públicos, así como la información necesaria para la elaboración del programa de estabilidad y la relativa a las políticas y medidas previstas para el periodo considerado que, a partir de la evolución tendencial, permitan la consecución de los objetivos presupuestarios.”

En cumprimento da mencionada normativa, o 12 de marzo de 2025, mediante Decreto da Alcaldía núm. 2377/2025 aprobouse o Plan Orzamentario a Medio Prazo 2026-2028 do Excmo. Concello de Lugo.

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Plan Orzamentario a Medio Prazo 2026-2028 do Excmo. Concello de Lugo aprobado polo Decreto da Alcaldía núm. 2377/2025 do 12 de marzo de 2025.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

9/48 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE FEBREIRO 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de FEBREIRO de 2025, coa numeración 11/2025 a 24/2025.

Do 01 ao 28 de FEBREIRO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000011	Resolución Tesourería.- Recurso reposicion providencia apremio CARLOS MODIA LAGE IVTM/24	2025/11	04/02/2025
2025/T030/000012	Resolución Tesourería.- Rehabilitación a voluntaria Comandancia Gardía Civil	2025/12	05/02/2025
2025/T030/000013	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento JOSE LUIS TORNEIRO CASTRO	2025/13	05/02/2025
2025/T030/000014	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo pensión expte.constrinximento 2002EXP47002032 LUIS POL RIELO	2025/14	07/02/2025

2025/T030/000015	Resolución Tesourería.- Contestación recurso reposición requerimento de pago HERMANOS SEIJAS CB	2025/15	07/02/2025
2025/T030/000016	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento MANUELA JORGE MOLYTE (Multa 2021-C-00002544)	2025/16	07/02/2025
2025/T030/000017	Resolución Tesourería.- Resolución recurso contra valoración de inmovible da finca rexistral 42.244 para poxa Hydracons SA	2025/17	14/02/2025
2025/T030/000018	Resolución Tesourería.- Recurso de reposición providencia de constrinximento CP Rúa Xesta, 3	2025/18	14/02/2025
2025/T030/000019	Resolución Tesourería.- Recurso reposición requerimento de pago PROMOTORA URDISA SL	2025/19	19/02/2025
2025/T030/000021	Resolución Tesourería.- Requirimento de pago Villares Vila M. Montserrat	2025/20	20/02/2025
2025/T030/000020	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo DANIELLE BRAGA LOPES	2025/21	20/02/2025
2025/T030/000022	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo ABRAHAM GABARRI MONTOYA	2025/22	25/02/2025
2025/T030/000023	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto as providencias de apremio dos expedientes 2025/P014/000020, 2025/P014/000010, 2024/P014/000129, 2025/P014/000002, 2024/P014/000123, 2024/P014/000120, 2024/P014/000124, 2025/P014/000008, 2024/P014/000126, 2025/P014/000012, 2024/P014/000127, 2024/P014/000125	2025/23	27/02/2025
2025/T030/000024	Resolución Tesourería.- Recurso reposición requerimento de pago MARIA TERESA RODRIGUEZ ARIAS por concurrencia de cotitulares expte 47010000055776	2025/24	28/02/2025

De todo o cal, a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

10/49 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, LOGO DA INCORPORACIÓN DA CONCELLEIRA DONA IRIA BUIDE PENA (2025/G004/000143).- Logo da incorporación da concelleira dona Iria Buide Pena ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego -segundo comunicación presentada o día 27 de febreiro de 2025 no Rexistro de Pleno co número 89/2025- **DÁSELLE CONTA** ao Excmo. Concello Pleno da composición do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manténdose o resto dos grupos sen variacións, quedando, en consecuencia, todos eles como a continuación se indica:

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN DE LUGO.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023.

Número de rexistro xeral do Pleno: 118

Compoñentes:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Dona Iria Buide Pena.

Portavoz:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Suplentes do portavoz:

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Dona Iria Buide Pena.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 119

Compoñentes:

Dona Elena Candia López.

Dona Cristina Sanz Arias.

Don Antonio Ameijide Osorio.

Don Javier Vázquez Prado.

Dona Flora Rubinos Rois.

Dona Silvia Colmenero Guzmán.

Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

Don Agustín Gallego Vigo.

Dona Aurora Aida Goás Castro.

Don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Dona María del Mar Carballas Piñeiro.

Don Damián Carballo Méndez.

Portavoz:

Dona Elena Candia López.

Portavoz suplente:

Dona Cristina Sanz Arias.

Portavoz adxunto:

Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

Portavoz adxunto suplente:

Don Antonio Ameijide Osorio

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Data de presentación do escrito de constitución: 21 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 120

Compoñentes:

Don Miguel Fernández Méndez.
Don Mauricio Victorio Repetto Morbán.
Dona Ana María González Abelleira.
Don Jorge Bustos Atanasio.
Dona Olga López Racamonde.
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.
Dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Portavoz:

Dona Ana María González Abelleira.

Suplentes da portavoz:

Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

11/50 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, LOGO DA INCORPORACIÓN DO CONCELLEIRO DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO (2025/G004/000155).- Logo da incorporación ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do concelleiro don Waldir Sinisterra Restrepo -segundo comunicación presentada o día 17 de marzo 2025 no Rexistro de Pleno co número 99/2025- **DÁSELLE CONTA** ao Excmo. Concello Pleno da nova composición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, manténdose o resto dos grupos sen variacións, quedando, en consecuencia, todos eles como a continuación se indica:

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN DE LUGO.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023.

Número de rexistro xeral do Pleno: 118

Compoñentes:

Don Rubén Arroxo Fernández.
Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Don Alexandre Penas Roibás.
Dona María Cristina López Fernández.
Dona Iria Buide Pena.

Portavoz:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Suplentes do portavoz:

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Don Alexandre Penas Roibás.
Dona María Cristina López Fernández.
Dona Iria Buide Pena.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 119

Compoñentes:

Dona Elena Candia López.
Dona Cristina Sanz Arias.
Don Antonio Ameijide Osorio.
Don Javier Vázquez Prado.
Dona Flora Rubinos Rois.
Dona Silvia Colmenero Guzmán.
Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
Don Agustín Gallego Vigo.
Dona Aurora Aida Goás Castro.
Don Gustavo Enrique Díaz Rey.
Dona María del Mar Carballas Piñeiro.
Don Damián Carballo Méndez.

Portavoz:

Dona Elena Candia López.

Portavoz suplente:

Dona Cristina Sanz Arias.

Portavoz adxunto:

Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

Portavoz adxunto suplente:

Don Antonio Ameijide Osorio

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Data de presentación do escrito de constitución: 21 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 120

Compoñentes:

Don Miguel Fernández Méndez.
Don Mauricio Victorio Repetto Morbán.
Dona Ana María González Abelleira.
Don Jorge Bustos Atanasio.
Dona Olga López Racamonde.
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.
Dona María de los Ángeles Novo Martínez.
Don Waldir Sinisterra Restrepo.

Portavoz:

Dona Ana María González Abelleira.

Suplentes da portavoz:

Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

12/51 **DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2376/2025, DO 11 DE MARZO, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN, SOBRE MANTEMENTO PROVISIONAL DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL REFLECTIDA NO DECRETO 4036/2024, DO 30 DE ABRIL (2025/G004/000149).**- Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do Decreto número 2376/2025, do 11 de marzo de 2025 do Libro Único de Resolución, sobre mantemento provisional da organización municipal reflectida no Decreto 4036/2024, do 30 de abril de 2024 que, a seguir, se transcribe:

“Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Vista a actual redacción do Decreto 4036/2024, do 30 de abril, de organización municipal, é necesario manter de xeito provisional, en tanto non se dite unha nova resolución, a organización que nel se recolle coas debidas adaptacións á actual situación.

Entre esas adaptacións atópase a asunción por esta Presidencia das áreas de Alcaldía e Planificación de Cidade e a de Transición Ecolóxica, redución do número de tenentes e tenentas de alcalde, e a asunción do cargo de concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, por parte de don Rubén Arroxo Fernández e como suplente don Mauricio Victorio Repetto Morbán.

Trátase, basicamente, de evitar a toma de decisións, que transformen en profundidade a actual organización, sen a adecuada medida e ponderación que esixe a responsabilidade da asunción dun cargo nun espazo tan breve de tempo, que puidera comportar a toma de decisións erráticas ou incoherentes.

Polo anteriormente mencionado e, en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE** adoptar o seguinte acordo de organización municipal provisional:

PRIMEIRO.- Manter, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez, como membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva
- Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- Sra. D.^a Ana María González Abelleira

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

- Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.^a María Cristina López Fernández

SEGUNDO.- Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Rubén Arroxo Fernández e como suplente don Mauricio Victorio Repetto Morbán.

As súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

CUARTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcalde as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcalde**:

- primeiro tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- segundo tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán
- terceira tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- cuarta tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- quinto tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva
- sexta tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a María Cristina López Fernández

As tenentas e os tenentes de alcalde substituirán ó alcalde pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

QUINTO.- Manter a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** segundo o seguinte detalle:

ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a “Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible”, sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área, que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións de representación institucional con todo tipo de organismos ou entidades públicas e privadas, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral

Esta **ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía.

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Protección civil e Servizo de Informática e os edificios adicados ás novas tecnoloxías.

No eido que corresponde á planificación de cidade corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,

- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal tamén os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación, Oficina de Arqueoloxía, e Empresa Municipal de Vivenda e Solo -EVISLUSA-.

Así mesmo, adscribítese a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a alcalde e dependendo directamente desta.

ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento e ornato de espazos públicos,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias

antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns e Brigada de Augas e Saneamento.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- contratación local, fomento da actividade de interese público e patrimonio municipal.
- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- médica municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local, incluído conserxería e notificadores.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Contratación, Servizo de Fomento, Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,
- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local e
- seguimento e xestión ordinaria da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía.
- establecer relacións de colaboración con entidades de carácter municipal e supramunicipal
- participación en mesas de traballo de entidades de agrupación de intereses municipais
- exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local, CEI- NODUS, Impulso Verde e Viveiros de empresas.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e
- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de

información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa de Música e Sección de Deportes.

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas do ámbito rural.
- dinamización e promoción sociocultural dos centros ubicados na zona rural.
- todas aquelas funcións encamiñadas á satisfacción das necesidades da zona rural

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: centros de dinamización rural, Brigada e Parque de Maquinaria e Unidades de Zona Rural.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados, servizo de axuda no fogar e servizo de xantar no fogar),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- pisos de emerxencia social
- voluntariado social,
- minorías étnicas
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).
- organizacións non gobernamentais,
- centros de dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de emerxencia social, Centro de Día Antonio Gandoy e programas “Sen Teito”, “Acompañámoste” e “Atención ás persoas maiores”, centros onde se desenvolven actividade asociativas (Casa “Clara Campoamor”, Casa María Mariño, Centro interxeracional Paco Martín, Centro Leiras Pulpeiro e Centro Díaz Castro).

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN**, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- centros municipais: pisos de acollida e Casa da Muller,
- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade e diversidade en todos os eidos,
- promoción da conciliación
- emigración e inmigración

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: programa “Aprende xogando”, Centro de Atención á Muller e pisos de acollida.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Educación e pedagogas municipais, centros de educación infantil, celadores de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e

- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado e vixilantes de prazas e mercados.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte público de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías públicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

SÉTIMO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía e Planificación de Cidade e da Área de Transición Ecolóxica, cuxa titularidade se reserva esta Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS.

Ao segundo tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE DINAMIZACION ECONOMICA E RELACIONES INSTITUCIONAIS.

Á terceira tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

Á cuarta tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL.

Ao quinto tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS.

Á sexta tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a M.^a Cristina López Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentes de alcalde delegados de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

OITAVO.- Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentes de alcalde de acordo co seguinte:

As e os tenentes de alcalde delegados de área, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas suplirao a **tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**
2. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos suplirao o **tenente de alcalde delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.**
3. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua supliraa a **tenenta de alcalde delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza.**
4. Ao tenente de alcalde delegada da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais suplirao a **tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social e Territorial.**
5. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social e Territorial supliraa o **tenente de alcalde delegado da Área de Dinamización económica e Relacións institucionais**
6. Á tenenta de alcalde delegada Área de Participación e Servizos para a Veciñanza supliraa o **tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.**

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcalde titular dunha área e o seu suplente, a alcalde asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentes de alcalde delegados de área e nos concelleiros/as delegados/as o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,

- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e
- corresponderalle ao concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a el ou a outra área.
- Corresponderalles ás e aos tenentas e tenentes de alcalde delegados de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

O alcalde reservarase para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- exercicio das atribucións que lle corresponden á alcalde en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE,**
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

DÉCIMO.- As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

1 en DON JORGE BUSTOS ATANASIO respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE XUVENTUDE E DEPORTES,**

2 en DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES,**

3 en DONA IRIA BUIDE PENA respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO,**

4 en DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS,**

5 en DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN.**

Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluírán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenenta de alcalde delegada ou tenente de alcalde delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, délgase **nas e nos tenentes de alcalde delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegados** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- **"visto e prace"** das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,

- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,

- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e

- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA:

1. Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesados.

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á

súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.”

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

13/52 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2464/2025, DO 13 DE MARZO DE 2025, RELATIVO Á ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ÁS COMISIÓNS DE PLENO, CON MOTIVO DA INCORPORACIÓN DE DONA IRIA BUIDE PENA COMO CONCELEIRA DO DITO GRUPO (2025/G004/000151).- Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA do decreto número 2464/2025, do 13 de marzo de 2025, do seguinte teor literal:**

“DECRETO

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1. Acordos plenarios números 4/76 e 5/77 da sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023 polos que se aprobaron, respectivamente, as propostas da Alcaldía relativas á creación e composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno, e vistos os escritos dos voceiros dos distintos grupos municipais designando os membros que formarían parte delas en representación de cada grupo, así como os e as que exercerían como portavoces; vistas as actas de constitución das ditas comisións celebradas o día 20 de xullo de 2023 nas que se procedeu, entre outros aspectos, á elección de presidentes/as e vicepresidentes/as delas, ditándose o Decreto número 6507/2023, do 20 de xullo de 2023, modificado posteriormente polo número 6918/2023, do 8 de agosto do 2023, no que atinxe ás adscricións do Grupo Municipal do Partido Popular.

2. Acordo plenario número 2/16, da sesión extraordinaria do 1 de febreiro de 2024, que supuxo un cambio de denominación e competencias das comisións de Pleno, e o Decreto número 1972/2024, do 5 de marzo de 2024, no que se levou a cabo unha nova adscrición de membros.

3. Acordo plenario número 2/62, da sesión ordinaria do 25 de abril de 2024 de toma de posesión de dona María de los Ángeles Novo Martínez como concelleira desta corporación o que trouxo consigo unha nova organización municipal reflectida no Decreto 4036/2024, do 30 de abril de 2024, así como unha

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

nova adscripción dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE ás comisións de Pleno, que se recolleu no Decreto 4472/2024, do 10 de maio de 2024.

4. Tendo en conta que, o día 20 de febreiro de 2025, o Grupo Municipal do Partido Popular comunica os cambios de representación do seu grupo nas comisións de Pleno, recollendo como representante nalgunha das comisións ao novo concelleiro, don Damián Carballo Méndez, recollida no Decreto 1693/2025, do 21 de febreiro.

5. Acordo plenario número 16/16, da sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2025, no que se tomou razón e se aceptou a renuncia ao cargo de concelleiro formulada por don Felipe Rivas Jorge, pertencente ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, e se declarou a vacante.

6. Acordo plenario número 2/18, da sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2025, de toma de posesión de dona Iria Buide Pena como concelleira desta Excm. Corporación.

7. Comunicación do 27 de febreiro de 2025 (número de Rexistro de Pleno 89/2025) de adscripción ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de dona Iria Buide Pena, do que se dará conta ao Pleno na sesión ordinaria do 27 de marzo de 2025.

8. Comunicación do 27 de febreiro de 2025 (número de Rexistro de Pleno 90/2025) de adscripción de dona Iria Buide Pena ás distintas comisións de Pleno.

De conformidade con todo o anterior e coa finalidade de recoller nun só decreto a composición actual das comisións de Pleno, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade co escrito presentado polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego -número 90/2025 de rexistro do Pleno-, a adscripción de dona Iria Buide Pena ás distintas comisións de Pleno, manténdose o resto de nomeamentos nas comisións permanentes ordinarias e especiais, de conformidade cos escritos presentados no seu día polos voceiros dos distintos grupos municipais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), don Miguel Fernández Méndez e dona Ana María González Abelleira.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Rois (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ

- Vicepresidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 22 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), don Jorge Bustos Atanasio e dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxo Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, don Alexandre Penas Roibás e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María del Mar Carballas Piñeiro (que actuará de portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Ana María González Abelleira (que actuará como portavoz), don Ángel Pablo Permuy Villanueva e don Miguel Fernández Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará de portavoz), don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidente e data de celebración:

- Presidente: DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

- Vicepresidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán, dona Olga López Racamonde (que actuará como portavoz) e dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará como portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, dona Aurora Aida Goás Castro e don Agustín Gallego Vigo.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.

- Vicepresidenta: DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.”

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedo informada para os oportunos efectos.

14/53 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000152).- En conformidade co informe da secretaria xeral do Pleno, por suplencia do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 13 de febreiro de 2025, coa

numeración 1344/2025 a 2480/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.- O Excmo. Concello Pleno, con base na proposta da Alcaldía e logo do acordado na Xunta de Portavoces celebrada o 24 de marzo de 2025, formula a seguinte declaración institucional, á que dan lectura as voceiras dos grupos municipais:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8M

Como cada ano, o Concello de Lugo e toda a súa veciñanza toma conciencia dun día tan senlleiro como é o 8 de Marzo. Unha data como esta serve para ver a inxustiza que pode parecer pasada pero seguen no noso presente, no día a día de todas e todos. Dende o Concello de Lugo temos claro que a loita pola igualdade é unha obriga de primeira necesidade para unha sociedade que quere derrotar as pantasma da división e do odio, de volver a relegar ás mulleres aos espazos de onde, e cada vez máis, están conseguindo fuxir.

“Para todas as mulleres e nenas: Dereitos. Igualdade. Apoderamento” é a elección de Nacións Unidas para o lema deste ano.

Os dereitos das mulleres son prioridade para as institucións públicas, a loita polos dereitos e por levantar consciencias, de que para ter unha sociedade xusta, todas e todos temos que participar equitativamente dela.

A día de hoxe non todo está resolto, en materia de igualdade laboral seguen existindo diferenzas notables, o mercado laboral evidencia que se es muller ou home cobras distinto. Isto pódese observar nos últimos datos proporcionados pola EPA, no referente a fenda salarial, a pesar do estancamento dos tres anos anteriores, no 2024 repuntou 0,6 puntos situándose no 19,6. Outra medida que corrobora está dramática realidade é que o salario medio feminino anual atópase nos 24.758 euros, fronte aos 29.615 do masculino.

Máis esta problemática non soamente obedece a problemas salariais, senón tamén a unha falta de enfoque, moitas veces os condicionantes estruturais da sociedade que construímos, dunha forma directa ou indirecta, levan á muller a traballar en profesións menos valoradas económica e socialmente e tamén en merma de representatividade

O Concello de Lugo ten como prioridade ser un baluarte na loita por acadar unha xustiza universal, na que se poda crear unha sociedade igualitaria para todas. Desta maneira avanzar en igualdade é forxar unha sociedade saudable en todos os seus eidos.

As mulleres son máis da metade da poboación, a metade dunha sociedade que por razóns de xénero perpetua o estancamento e o progreso social, por iso é vital que traballemos polo apoderamento das mulleres, para deixar no noso municipio unhas mozas máis libres e fortes. Tendo claro isto poderemos construír un estado de dereito máis capaz e forte, economías máis sólidas e esferas sociais máis seguras.

Por todas as razóns expostas anteriormente o Concello de Lugo propón:

- Crear posibilidades para seguir pechando a fenda de xénero no mercado laboral. O Concello de Lugo, co resto de institucións, seguirá traballando para promover a inserción laboral das mulleres nunhas condicións de igualdade. En crear posibilidades para que as nenas e mozas do hoxe podan acceder aos empregos cos que soñan nun futuro.
- Dar voz ás mulleres esquecidas, ás mulleres do rural a todas as mulleres que sofren a dobre ou triple discriminación; pola discapacidade, pola súa identidade, étnica, idade, orientación sexual e/ou nivel socioeconómico, para que avancemos en consonancia coa sociedade e que as barreiras que podan obstaculizar a nosa vida sexan corrixidas.
- Seguir mellorado na incorporación da perspectiva de xénero en todas as eivas presentes na vida actual.
- Incrementar a participación activa as mulleres na vida política, económica e social no ámbito local, a través de campañas de sensibilización e toma de conciencia da realidade imperante.
- Convidar a toda a cidadanía a participar nos actos organizados relativos a aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia machista
- E finalmente, traballar a prol das mulleres vítimas da violencia machista; en prol da erradicación, coa sensibilización e para que contén co apoio integral necesario

Estes son os obxectivos, que neste 8M as institucións debemos asumir para poder resolvelos da man da cidadanía para poder erradicalos.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6514883221137586451.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-3-2025

O Día da Muller reivindicamos a loita pola liberdade, igualdade, xustiza e paz social. Que as mulleres somos parte da vida pública e requirimos a nosa pertenza e protagonismo nunha historia maioritariamente protagonizada por homes e así contada,

**VINDIQUEMOS SEMPRE O 8M
VIVA A LOITA DAS MULLERES”**

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excmo. Sr. Alcalde dá por rematada a sesión, sendo as dez horas e corenta e catro minutos do expresado día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.